

ACTA NÚM. 9 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE DE XUÑO DE 2013.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas e trinta minutos** do día **vinte de xuño de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.

Dona Cecilia Sierra Rey.

Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.

Dona María Amelia González Brandariz.

Don José Luís García Bello.

Don Juan José de la Fuente Fuentes.

Dona María Castelao Torres.

Don Francisco Javier Noya Iglesias.

Don Adrián Varela Sarandeses.

Dona Rebeca Domínguez Iglesias.

Don Luís Meijide Rodríguez.

Don José María Rosende Rico.

Dona Mar Martín García.

Don Benardino Higinio Rama Seoane.

Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muiños Sánchez.

Don José A. Baqueiro Canabal.

Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.

Dona Rosario Valledor Puente.

Don Rubén Cela Díaz.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.

ORDE DO DÍA:

Punto único: Resolución de reclamacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento e cadro de persoal para o ano 2013.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2013.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de abril de 2013 aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade, do seu organismo autónomo e das sociedades mercantís de capital íntegramente municipal, así como as bases de execución do orzamento e o cadro de persoal para o ano 2013.

O acordo someteuse á información pública polo prazo de quince días hábiles mediante anuncio inserido no BOP de A Coruña do día 2 de maio de 2013.

No indicado prazo presentáronse as seguintes alegacións:

INTERESADO	DATA	Nº REXISTRO
Xunta compensac. SUNP-25 Roxos	16/05/2013	25836
Conc. Deleg. Desenv. Urbano e Sostible	21/05/2013	26606
María Moreno Berguer	22/05/2013	26608
Asociación Cultural Solfa	22/05/2013	26717
Juan J. Cubero Suárez	22/05/2013	26763
Comité de Empresa e Sindicatos	22/05/2013	26773
As. Nenos Hiperactivos	22/05/2013	26777
Asociación Galega Chaira	22/05/2013	26780
BNG	22/05/2013	26857
Rebeca Domínguez Iglesias	22/05/2013	26864
Grupo Municipal Socialista	22/05/2013	26866

Asemade, con data 23 de maio de 2013 e número de rexistro de entrada 26861, o grupo municipal socialista presentou recurso de reposición, e con data 4 de xuño seguinte, e número de rexistro de entrada 29140, un escrito de corrección de erros do recurso.

O texto das alegacións e recurso de reposición presentados polos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG é o que a continuación se transcribe:

1.- ALEGACIONES E RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

“ALEGACIONES DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA-PSOE AO ORZAMENTO XERAL

A actual situación de crise económica, lonxe de resolverse por un efecto máxico xerador de confianza segue prolongándose outro ano máis, agravada por durísimos recortes provenientes do Goberno de España e da Xunta de Galicia. Coa desculpa da crise, asistimos ao desmantelamento do estado de benestar que coñeciamos e que constituía esa parte da herdanza da que non queren falar quen agora teñen responsabilidades de goberno.

Nese escenario o orzamento municipal non pode ser máis do mesmo, é dicir, non pode supor máis presión fiscal e máis recortes en políticas sociais. Por iso, as Alegacións que propón o Grupo Municipal Socialista teñen dúas finalidades moi claras: reducir a carga fiscal dos composteláns en case 3 millóns de euros reducindo o tipo impositivo do IBI e incorporando unha serie de bonificacións e incrementar amplamente a dotación das políticas sociais municipais.

As prioridades de gasto concéntranse nas políticas sociais, as de axuda aos máis necesitados tanto aquí como noutros países e, sobre todo, para o mantemento dos servizos sociais para todos, os da Lei de Dependencia.

Ademais de incrementar a dotación orzamentaria de moitos programas, propóñense outros para abordar un Plan de Emprego.

En suma, estas Alegacións supoñen un verdadeiro proxecto alternativo, máis social, máis favorecedor do emprego, con menos recortes e con menos presión fiscal. Entendemos que son as propostas adecuadas para estes tempos.

Ao CONCELLO PLENO

Alegación nº 1 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA-PSOE, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de supresión de gastos inxustificadas superfluos

Supón o axuste de diversas partidas orzamentarias á execución orzamentaria dos últimos anos e a supresión de gastos que non poden considerarse prioritarios neste momento.

010 91201 22601	Alcaldía (protocolo, atencións protocolarias).....	60.000
		(-30.000)
010 91200 22602	Alcaldía (órganos de goberno difusión).....	110.000
		(-30.000)
010 92501 22602	Alcaldía (información, comunicación, difusión).....	100.000
		(-42.000)
030 93900 22602	Facenda. Publicidade e propaganda.....	0
		(-6.000)
040 34900 22602	O.A. Deportes. Publicidade e propaganda.....	0
		(-2.500)
100 92000 22602	Admón. Xeral. Publicidade e propaganda.....	0
		(-3.000)
030 93900 22711	O.A. Facenda. Estudos e traballos técnicos. E. económicos	
	financeiros e asistencias técnicas	0
		(+140.268,08)
PARTIDAS GASTOS DIVERSOS:		
010 91200 22699	Alcaldía (órganos de goberno. Gastos diversos).....	0
		(-42.886,85)
090 13200 22699	Mobilidade (Seguridade e Orde Público.Gastos diversos).....	0
		(-14.000)
090 13300 22699	Mobilidade (Ordenación do tráfico. Gastos diversos).....	0
		(-2.500)
090 13400 22699	Mobilidade (Protección Civil. Gastos diversos).....	0
		(-1.000)
130 15100 22699	Urbanismo. Gastos diversos.....	0
		(-7.625)

060 15500 22699 Vías e obras. Vías públicas. Outros gastos diversos.....0	(-800)
070 17100 22699 Parques e Xardíns. Outros gastos diversos.....0	(-500)
070 17200 22699 Medio Ambiente. Gastos diversos0	(-2.000)
140 23201 22699 Servizos Sociais. Emigración, Inmigración. Gastos diversos.....0	(-15.000)
140 23900 22699 Servizos Sociales. Outros gastos diversos.....0	(-15.000)
020 32101 22699 Esc. Inf. Xestión Munic. Outros gastos diversos.....0	(-20)
020 33402 22699 Normalización Lingüística. Outros gastos diversos.....0	(-500)
050 33401 22699 Banda de música. Gastos diversos.....0	(-2.000)
120 33403 22699 CSC. Outros gastos diversos.....0	(-10.000)
040 34900 22699 O.A. Deportes. Gastos diversos.....0	(-500)
110 43100 22699 Comercio. Gastos diversos.....0	(-5.000)
110 43101 22699 Mercados. Gastos diversos.....0	(-10.000)
100 92000 22699 Admon. Xeral. Gastos diversos.....0	(-10.000)
100 92001 22699 Informática. Gastos diversos.....0	(-1.000)

110 92300 22699 Estatística. Outros gastos diversos.....	0
	(-23.000)
120 92402 22699 Relacións Veciñais. Gastos diversos.....	0
	(-3.000)
030 93900 22699 O.A. Facenda. Outros gastos diversos.....	0
	(-2.000)
TOTAL PARTIDAS GASTOS DIVERSOS:	168.331,85

Eliminación da praza de nova creación da dirección de área de persoal e contratación.....	0
	(-72.494,44)
Eliminación da praza de Tesoureiro de apoio.....	0
	(-67.228,48)

TOTAL BAIXAS: 561.822,85 EUROS

AO CONCELLO PLENO

Alegación nº 2 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de incremento de gasto das políticas sociais.

Sempre, pero máis en momentos como o actual, hai que poñer de relevo os compromisos, as prioridades políticas. Se o recorte en gastos superfluos e inxustificadas que propoñemos amosa en que non gastaría o Grupo Municipal Socialista, esta e as seguintes Alegacións pretenden evidenciar que a prioridade ten que ser incrementar o gasto social que, á vez, supón xerar emprego en servizos sociais, ultimamente tamén moi castigados polo desemprego.

140 23900 22698 Familia Benestar Social	
Servizos sociais. Actividades.....	103.000
	(+53.000)

AO CONCELLO PLENO

Alegación nº 3 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de incremento de gasto das políticas de promoción para o emprego.

Do mesmo xeito que a anterior, esta alegación pretende ser outra das prioridades para o noso orzamento alternativo: a formación para o emprego, anulada dos orzamentos presentados polo equipo de goberno.

140 24100 22698 Familia, Benestar Social	
Emprego. Actividades.....	200.000
	(+100.000)
070 17100 60900 Infraestruturas e Obras	
Plan de emprego para recuperación de espazos públicos.....	327.502,16
	(+150.000)

Ao CONCELLO PLENO

Alegación nº 4 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de incremento de gasto para promoción económica, comercio e turismo.

Existen infinidade de iniciativas da sociedade civil organizada que requiren apoios claros do Concello e que pretenden reforzarse con esta Alegación.

110 43300 22698 Economía, comercio, turismo.....	237.000
	(+100.000)

AO PLENO DA CORPORACIÓN

Alegación nº 5 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de incremento do gasto para o desenvolvemento e achega de servizos ó medio rural.

080 45400 63100 Medio Rural. Outros investimentos (pistas).....	163.760
	(+100.000)

AO CONCELLO PLENO

Alegación nº 6 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Composte, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación ao Capítulo 1 relativa ao vestiario e a uniformidade para a correcta prestación do servizo dos empregados públicos.

090 13500 22104 Servizo extinción de incendios. Vestiario.....	32.535,62
	(+18.211,15)
100 92000 22104 Administración Xeral. Vestiario.....	12.076,59
	(+10.076,59)
090 13200 22104 Seguridade e Orde Público. Vestiario.....	100.000
	(+30.000)

Ao CONCELLO PLENO

Alegación nº 7 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de modificación do texto da base 28. Procedementos de contratación B. Contratos menores.

Conservar para a base mencionada o texto da base 28. Procedementos de contratación do orzamento prorrogado en vigor actualmente para os contratos menores.

Ao CONCELLO PLENO

Alegación nº 8 ao Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, que presenta o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, que somete á aprobación do Pleno Municipal, e cuxo detalle é o seguinte:

Alegación de incorporación do enfoque de xénero á elaboración dos orzamentos do Concello de Santiago.

O orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela é o instrumento transversal por excelencia para a planificación e xestión de goberno. Supón a concreción da política económica e social, reflectindo as súas prioridades.

A análise dos orzamentos desde o enfoque de xénero é unha estratexia orientada a visibilizar o impacto dos orzamentos en mulleres e homes, co fin de adoptar medidas

para promover a igualdade a través dunha planificación máis equitativa do gasto público.

Deste xeito, os programas municipais gañan en eficacia e eficiencia porque repercuten de maneira máis certa nos colectivos aos que se dirixe. Desde o punto de vista orzamentario, os cambios a adoptar son, en maior medida, de orde cualitativa. Non implican necesariamente un aumento do gasto, senón máis ben unha reasignación adecuada dos recursos dispoñibles.

Trátase en definitiva de:

- a) Avanzar no compromiso municipal coa igualdade de mulleres e homes.
- b) Incentivar as medidas de acción positiva para corrixir desequilibrios.
- c) Implementar a transversalidade do enfoque de xénero na planificación político-económica.

A elaboración dos orzamentos réxese, ademais de pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, pola normativa de igualdade que obriga a incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades da intervención pública, incluída a orzamentaria.

A Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes, que no artigo 14 e 15 fai referencia aos criterios de actuación que os poderes públicos deben seguir:

- Art. 14.2 “La integración del principio de igualdad de trato y de oportunidades en el conjunto de las políticas económicas...”

- Art. 15 “El principio de igualdad de trato y de oportunidades entre mujeres y hombres informará con carácter transversal la actuación de todos los poderes públicos. Las Administraciones Públicas lo integrarán, de forma activa, en la adopción y ejecución de sus disposiciones normativas, en la definición y presupuestación de políticas públicas en todos los ámbitos y en el desarrollo del conjunto de todas sus actividades”.

“RECURSO DE REPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AOS ORZAMENTOS DE 2013

D. Francisco Reyes Santiás, maior de idade, con DNI número 33245231L, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela, con domicilio a efectos de notificación Pazo de Raxoi, Baixo. Praza do Obradoiro, en relación coa aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio económico do 2013 realizada no Pleno Extraordinario de 25 de abril de 2013, en nome do Grupo Municipal Socialista comparece e **EXPÓN**

PRIMEIRO.- Que o citado acordo de aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do pasado vinte e un de decembro do dous mil sete, dando un prazo de exposición ao público de quince días hábiles a contar, segundo reza na propia publicación, desde o seguinte ao de inserción no citado Boletín.

Hase de manifestar que estes orzamentos para o 2013 realízanse tras presentar previamente a liquidación do orzamento 2012 onde se puxo de manifesto, a data 31/12/12, cales eran os saldos de partidas contables relevantes; en canto ao Remanente Liquidado de Tesouraría dado, e sobre o cal e vendo a liquidación do Orzamento do 2012 pódese dicir que ten o serio problema de non ser fiel á realidade económica financeira.

Na liquidación do orzamento do 2012 no documento expresivo do Remanente Liquidado de Tesouraría, ponse de manifesto que o saldo líquido de tesouraría é de 1.890.000 euros. No mesmo anexo, para o concepto de créditos de dubidoso cobro, o saldo que se dá é de 16.000.000 euros. As cifras deste concepto triplican as da liquidación do orzamento de 2012 e foron amplamente discutidas e o Equipo de Goberno mantivo durante todo o debate que as cifras que se daban eran correctas. Ese Equipo de Goberno débese manifestar sobre cal é a xustificación real para este cálculo, xa que de calquera forma vai afectar ao Remanente Liquidado de Tesouraría e polo alegado no punto anterior.

SEGUNDO.- Que o Grupo Municipal Socialista, do cal é portavoz, votou en contra do citado acordo de aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio do 2013, quedando por iso lexitimado para a presentación das presentes alegacións

TERCEIRO.- A proposta de orzamentos para o 2013 preséntase no Pleno, como quedou reflectido máis arriba e na propia publicación no BOP, na sesión celebrada o pasado 25 de abril último, incumprindo con iso o señor Alcalde a súa obrigaón legal, declarada no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, segundo o cal estes orzamentos deben presentarse antes do 15 de Outubro. Non houbo ningunha explicación racional e funcional que motive este atraso. Presentamos pois con este RECURSO a nosa queixa máis rotunda por este atraso inxustificable, pois con iso mostra unha vez máis o desprezo que profesa o señor Alcalde a este órgano colexiado e a todos e cada un dos seus membros.

CUARTO.- Que en base ao estipulado no artigo 63.1 da lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e no artigo 170 de Real Decreto Lexislativo 2/2004 vén de interpor o RECURSO DE REPOSICIÓN contra o mencionado acordo, en base ás seguintes

ALEGACIONES E FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRA.- Mais do 20 % da poboación vive en zonas onde non se reciben os servizos básicos de forma equitativa en comparación cos veciños da contorna urbana de Compostela, todos eles de competencia municipal: mantemento de iluminación público, limpeza viaria, mantemento de viarios, distribución de auga domiciliaria, mantemento de zonas verdes e podas e seguridade cidadá, debéndose eles preocupar da xestión deses servizos, do seu financiamento así como da recadación desta. Móstranse os orzamentos presentados nos capítulos que cobren estes servizos totalmente insuficientes para que o Concello poida cumprir coas súas obrigacións como administración pública. Débense, pois, dotar as partidas orzásedes correspondentes, con créditos suficientes. Así o determina o artigo 165.1.a de o Texto Refundido.

SEGUNDA.- Non se cumpre o principio de prudencia na presupostación da cantidade consignada nos presupostos da Xunta como achega á cidade en base ao Estatuto de Capitalidade, por cuantía de 2.297.550 euros. Ponse de manifesto a total improbabilidade dos ingresos que se prevén no subconcepto referido por importe de 2.703.000 euros.

TERCEIRA.- Na conta do Plan Xeral de Contabilidade Pública, 413. “Acredores por operacións pendentes de aplicar o orzamento”, cuxo saldo acredor segundo a información que se expón no informe do interventor a 31 de decembro de 2012, importa a cifra de 1.633.806,04 euros correspóndese con débedas contraídas polo Concello que non contan con cobertura presupostaria, ou que se omite a súa contabilización no exercicio de orixe das obrigas polo que o seu abono terá que producirse mediante a sustanciación dos correspondentes procedementos de recoñecemento extraxudicial de créditos. Nesta cuantía inclúense 83.000 euros (o 5,5% del total) en facturas correspondentes a exercicios anteriores ao de liquidación de 2012. Nos correspondentes informes de Intervención de xullo de 2011, consta a retención de crédito para todas estas facturas previas ao exercicio de 2012; polo que a cuestión a dilucidar é por qué non se pagaron estas facturas e si outras con data posterior, non cumprindo o principio de prelación de pago.

CUARTA .- Por ter omitido o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local, e por ser insuficientes os créditos para as necesidades de gastos da anualidade 2013 (artigo 170 punto 2 letra b e c do R/D lexislativo 2 /2004 de 5 de marzo).

4.1.- O principio de universalidade do artigo 165.1 do TRLFL e artigo 6 do RD500/90 de 20 de abril establece a obrigatoriedade de que o orzamento inclúa a totalidade dos gastos e ingresos de ésta.

O expediente de Liquidación do concello de Santiago , recolle como “ pagos pendentes de aplicación definitiva “a contía global de 1.740.997,90 euros dos que a grande

maioría corresponden a pagos efectuados de débedas da Sociedade EMUVISSA en disolución, cuxa liquidación efectiva se realizou no 2013, como así se deixa explícito no informe de Intervención á liquidación do Orzamento do exercicio (informe de data 28/II/2013 páxina 61).

No mesmo informe se subliña as contías que no exercicio 2012 se presupostaron para levar a efecto a integración de activos e pasivos da sociedade, que, sen embargo quedaron sen execución con motivo de facerse efectiva a disolución en xaneiro de 2013.

No orzamento aprobado **Non consta créditos para aplicar orzamentariamente “os pagos que constan como pendentes de aplicación orzamentaria a 31 / 12 / 2012”**

A requirimento do Interventor municipal, no expediente do Orzamento 2013, se incorpora informe do Técnico da Área de Servizos Económicos de data 4 de abril de 2013 no que na páx. 2 se cifra en **1.570.052,30 euros** a contía que deste total, corresponde a pagos asumidos polo Concello, procedentes de obrigas de EMUVISSA no marco do R/D lei 7 / 2012 de 9 de marzo. Dun total de 1.652.412,30 euros pendentes de pago a 31 / 12 / 2011 pola dita empresa .

Así mesmo no mesmo informe de data 4 de abril do 2013 se afirma :

“ ...O importe de 1.570.052,30 euros pagados polo Concello como débedas pendentes de pago de EMUVISSA a 31 / 12 / 2011, serán obxecto de compensación no intre en que se produza a integración do balance final de EMUVISSA no balance do Concello de Santiago” Páxina 3.

O principio de “presuposto bruto “ establecido no artigo 165 punto 3 do texto refundido da lei de facendas Locais e 11 do R/D500 de 20 de abril, imposibilita proceder a “compensacións” de ingresos e gastos que para o Concello teñan carácter orzamentario, senón que, en senso, contrario esixe que no orzamento se detallen tódolos ingresos e **tódolos** gastos e que estes e aqueles se fagan sen compensación algunha entre sí, polos seus importes brutos ou íntegros .

En definitiva a regra do orzamento bruto implica, en canto ao orzamento 2013, a obriga de prever no estado de gastos as cifras íntegras coñecidas razoablemente no intre da confección do mesmo.

No intre da elaboración, se coñecía perfectamente a contía dos pagos pendentes de aplicación ao orzamento , asumidas polo Concello de xeito non orzamentario, xa que, ademais, constan como tales no estado do Remanente de Tesourería do exercicio 2012 (“pagos pendentes de aplicación orzamentaria”).

Os informes que constan nos expedientes tanto de liquidación do exercicio 2012 como de aprobación do Orzamento 2013 establecen que a efectiva integración de EMUVISSA se realizou no exercicio 2103 (ver informe de Intervención de data 25 de febreiro de 2013 do interventor do Concello- páxina 61)

Polo exposto, queda acreditado que se **Omiten** no estado de gastos do orzamento inicial do exercicio 2013, o total de, cando menos **1.570.052,30 euros** de créditos necesarios, para dar cumprimento a aplicación orzamentaria dos pagos efectuados polo Concello, por conta de EMUVISSA e que se atopan a 31 / 12 / 2012 “pendentes de aplicación orzamentaria”.

Do resto dos créditos pendentes de aplicación orzamentaria se descoñece a súa procedencia (informe de intervención de data 20 de abril de 2013), polo que non se afirma nesta reclamación, a súa necesaria dotación orzamentaria, sen descartar a mesma no intre da súa clarificación polos servizos económicos .

Este feito, ademais, como desenvolveremos nos apartados seguintes, ten unha especial relevancia a hora de determinar a efectiva nivelación orzamentaria e o cumprimento ou non da regra de gasto no orzamento do 2013.

4.2.- No informe do interventor municipal de data 20 / abril / 2013 á liquidación do orzamento do exercicio 2012 na páxina 5 se reflicte o saldo da conta 413 “acreedores pendentes de aplicar ao Orzamento” que se cifra a 31 / 12 / 2012 en **1.633.806,04 euros**.

Con independencia do incumprimento do principio de anualidade orzamentaria que representa dito saldo, e o efecto que supón na determinación do Resultado orzamentario e do Remanente de Tesourería a dita data xa que incrementan o resultado e o remanente de tesourería positivo pola vía da omisión de obrigas xa realizadas.

E deixando , a este respecto manifestada a nosa mais absoluta “sorpresa “ pola existencia de obrigas pendentes de recoñecemento con data anterior a xuño do 2011 (aínda que só ascenden a 83.000 euros) como deixamos explícito anteriormente.

O certo é, que no orzamento 2013 se **omiten** os créditos necesarios **para asumir a integridade do saldo da conta 413**. Só se recolle unha dotación parcial menor, en todo caso do saldo reflectido .

O propio Informe económico financeiro nº1 na súa páxina 29 afirma que a hora de presupostar

“ .. se tivo en conta únicamente o notificado e recibido formalmente neste Área tanto dos diferentes servizos como da Intervención Municipal . Esta dirección de Área non se responsabiliza dos datos requiridos aos diferentes departamentos e non recibidos oficialmente”.

Ao marxe da perplexidade que supón para quen subscribe que a propia dirección de área non teña coñecemento do saldo da conta 413, do que ten incluso coñecemento o grupo municipal socialista , pese a permanente falta de transparencia que leva a cabo o goberno Local, e, a marxe do confusionismo que se parece deducir das verbas da dirección da área xa que non se asumen responsabilidades sobre os créditos a consignar na chamada divisionaria 90 pero se afirma con contundencia a renglón seguido e no mesmo informe –páxina 34– que a “ coas previsións que anteriormente quedan expresadas, se deduce a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles”

Queda claro que a vista do saldo da conta 413 a data 31 / 12 / 2012 , procede **modificar o contido dos estado de gastos do orzamento aprobado inicialmente**, de tal maneira que se incorporen ao mesmo a integridade de dito saldo.

4.3.- **Omisión** de crédito algún para o pago de intereses de demora :

Non consta asignación orzamentaria algunha para o pago de interese de demora, sendo que o propio informe do Interventor na páxina 17 establece como motivo de **nulidade** do acto administrativo de aprobación do orzamento a carencia de “... **crédito abondo para dar cobertura aos interese de demora que se puidesen derivar da execución resolución xudicial firme que anula a modificación puntual non ámbito do antigo Colexio Manuel Peleteiro ...**”

E sendo ademais que, é moi pouco previsible, a inexistencia de gasto algún por causa de mora. Non consta ningún antecedente orzamentario nin no ano 2012, e como mínimo nos tres anteriores orzamentos que así o poña de manifesto. Se omite a lóxica da existencia de contenciosos en materia expropiatoria e outros que presumiblemente leve aparelado o pago de intereses , así como a propia existencia de saldo na conta 413 que xa de por sí implica un incumprimento da lexislación en materia de morosidade e o nacemento por tanto de dereitos de percepción de interese por parte dos acredores afectados.

Polo exposto nos puntos anteriores se interpón a correspondente reclamación ao orzamento en base aos incumprimentos reflectidos e por **OMISIÓN DE CRÉDITOS NECESARIOS NO ESTADO DE GASTOS PARA ASUNCIÓN DE OBRIGAS EXIXIBLES**.

Debéndose proceder a inclusión no estado de gastos da integridade dos créditos en contía de **1.570.052,30euros** como froito de débedas procedentes de EMUVISSA aboadas polo Concello e pendentes de aplicación orzamentaria ; así como a integridade do saldo da conta 413 a 31 / 12 / 2012 xa que son créditos orzamentarios necesarios para o cumprimento de **obrigas exixibles cuxa dotación se omite no orzamento do 2013**.

E debéndose, tamén, dotar presupuestariamente no estado de gastos os créditos suficientes para asumir os estimados por interese de demora, entendemos polo tanto que os créditos dotados son insuficientes para asumir as necesidades para as que está previsto o Orzamento do 2013 que non poden ser outras que a totalidade de gastos e ingresos que se prevén devenguen na dita anualidade.

QUINTA.- Por non terse axustado a súa elaboración aos trámites establecidos na lei (artigo 170 punto 2 letra a)do R/D legislativo 2 /2004 de 5 de marzo).

5.1.- O artigo 165 e seguintes do R/D legislativo 2/2004 de 5 de marzo establecen o procedemento de elaboración dos orzamentos.

O artigo 167 fai referencia a estrutura que se debe aplicar na elaboración dos mesmos que foi desenvolvida a través da Orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro.

O informe do interventor Municipal de data 13 de marzo do 2013 na súa páxina 3 fai referencia a que “ .. en determinados casos non se efectúa unha aplicación axeitada das previsións da citada Orde, advertíndose a existencia de créditos globais e indeterminados que supoñen un afastamento nas presupostación dos principios de especificación e exactitude ...” recomendando que se leve a cabo unha axeitada clasificación e advertindo que a indeterminación de certos créditos se alonxa do principio de transparencia.

Esta recomendación non tivo efecto algún, dándose o caso de incumprimentos fragantes da Orde que establece a estrutura presupostaría dos Orzamentos.

Certamente, un dos casos mais significativo e relevantes é o que fai referencia a desaparición da necesaria e obrigatoria desagregación dos gastos de subministro de luz nos diferentes programas e clasificacións funcionais, e por ende nos diferentes departamentos municipais.

O artigo 2 da citada Orde establece:

“Artículo 2. Estructura de los presupuestos.

1. Las entidades locales elaborarán sus presupuestos teniendo en cuenta la naturaleza económica de los ingresos y de los gastos, y las finalidades y objetivos que con estos últimos se pretendan conseguir.

2. Igualmente podrán clasificar los gastos e ingresos atendiendo a su propia estructura de acuerdo con sus reglamentos o decretos de organización.”

O informe do interventor fai referencia a non correspondencia da clasificación orgánica do orzamento ca estrutura organizativa existente no Concello, polo que incumple o establecido no artigo 2 punto 2 da Orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro.

O incumprimento da axeitada aplicación da orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro ademais de supoñer un incumprimento legal, ten consecuencias tanto na correcta asignación de créditos como na determinación e transparencia para o cálculo dos custos dos diferentes servizos.

Por outra banda, a correcta aplicación da estrutura ten efectos clarísimos na agregación estatística e na contabilidade agregada de carácter supramunicipal nun momento especialmente sensible en canto a contención do déficit das administracións públicas, nada aporta o descoñecemento minucioso dos gastos xerais dos departamentos administrativos en aras a unha política de eficiencia e transparencia.

Polo exposto se interpón a correspondente reclamación en tempo e forma pola non adecuación do orzamento a estrutura vixente na Orde EHA 3565/2008 de 3 de decembro.

5.2.- O artigo 165 do TRLFL establece: “ El presupuesto general atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la Ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:

a) Los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones.

b) Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio”

A modificación da lei de estabilidade vixente LOEPSF 2/2012 no artigo 3 e seguintes esixe as entidades Locais que na elaboración dos Orzamentos do exercicio 2013 se adecúen ao establecido “REGRA DO GASTO “ (artigo 12 da mesma norma) é dicir que a variación do gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB que para o ano 2103 se cifra en 1,7 % (ver Memoria orzamento 2013).

Pois ben, con independencia, unha vez mais, da opinión que nos mereza a determinación desa contía por parte do equipo de goberno mediante a Memoria (non aparecen co suficiente desglose os axustes necesarios etc...).

O certo é que nela (páx. 7 do documento) se establece o **límite do gasto non FINANCEIRO para o exercicio 2013 en 89.038,744,54euros**, pois ben, se se toma como referencia esa contía límite do gasto NON FINANCEIRO para o exercicio 2013, resulta que, xa, o incluír no orzamento os créditos necesarios para aplicar ao mesmo os pagos procedentes de EMUVISSA que constan contablemente como “pendentes de aplicación orzamentaria”, o límite de gastos non financeiros establecidos na aplicación que fai o equipo de goberno da regra do gasto estaría sobrepasada e por ende nos atopamos **cun incumprimento da normativa en materia de estabilidade orzamentaria cas consecuencias que para ese incumprimento se determinan na dita lexislación.**

Os gastos non financeiros se sitúan por riba do límite establecido na “regra do gasto” como consecuencia da necesaria dotación dos créditos omitidos no orzamento : saldo íntegro da conta 413 a 31 /12 /2012 , contía de pagos pendentes de aplicar a orzamento procedentes de EMUVISSA e intereses de demora non presupostados.

5.3.- O plan de axuste de axuste aprobado polo Concello en data 30 de marzo de 2013, segundo establece o propio Informe económico –financeiro recolle para o exercicio 2013 un superávit orzamentario de **3.241.010 euros** . (paxina 4 do informe antedito)

Na mesma páxina faise alusión a un informe da área de Facenda no que se afirma que segundo o Director da área de urbanismo e a tenor da Sentencia do Tribunal Supremo de 16 de febreiro de 2012 , o Concello de Santiago se ve obrigado a asumir a contía de 2.603.674,53 euros, se afirma que é unha devolución de ingresos “... absolutamente sobrevida.. “ e que como tal se demande autorización ao Ministerio de Hacienda para que dita devolución “se presupueste con cargo al superávit de 3.241.000,00 euros “ e afirma “ ... De esta forma , la obligación sobrevenida de devolución del aprovechamiento urbanístico proveniente de la sentencia firme quedaría absorbida pro el superávit por importe de 2.603.674,53 euros . **El superávit para el año 2013 sería de 637.335,47 euros (...)** ..”

O que se nos está poñendo de manifesto é, nin mais nin menos, o **INCUMPRIMENTO do Plan de axuste** aprobado polo Pleno da Corporación, no que fai referencia á anualidade 2013.

Baixo a aparencia dun superávit formal, o Goberno Municipal (que xa vimos que non é tal por omisión de créditos necesarios para gastos do exercicio) xa acepta que ao final do ano ese superávit será tan só de 637.335,47 euros.

Na páx. 18 do informe de data 13 de marzo de 2013 do Interventor de fondos afirmase que “..esta intervención deixa constancia de que non comparte a interpretación que se fai respecto do referido informe do Ministerio na medida que a tutela financeira que aquel exerce sobre o Plan de axuste , non alcanza a autorizar modificacións deste ...“

Afirmación esta que nós reafirmamos totalmente en canto que é o Pleno do Concello é o órgano competente para a aprobación e modificación en primeira instancia do plan de axuste, e non queda acreditado que o pleno aprobase modificación algunha do dito plan.

Se temos en conta, ademais que as estimacións de ingresos están sobredimensionadas como deixaremos patente no seguinte apartado desta reclamación e que os créditos para gastos infravalorados, que existe unha infravaloración no Orzamento presentado da real contía do gasto non financeiro e como consecuencia un incumprimento da “regla do gasto” entendemos que é imposible soste que éste orzamento aprobado inicialmente poda cumprir o plan de axuste, e mesmo se manteñan o signo positivo magnitudes financeiras o presupuestarias , aínda que en menor contía como require o Ministerio en escrito de data 6 de febreiro de 2103 para dar por cumprido o plan de axuste e **polo tanto é inviable a súa aprobación no seu estado actual.**

SEXTO.- Por último, en canto o equilibrio presupostario queremos reafirmar a necesaria corrección a baixa da estimación de ingresos derivada da achega a capitalidade xa que excede a prevista e aprobada nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio actual.

O informe económico –financeiro que xustifica unha estimación amplamente superior a establecida nos Orzamentos da Comunidade parece descoñecer a lei 4 /2002 de 25 de xuño do Estatuto da Capitalidade na que claramente se establece que : “ A condición e capital de Galicia da cidade de Santiago de Compostela terá un apartado específico nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Para tal fin, antes da elaboración do proxecto de lei de orzamentos, O Consello da Capitalidade poderá emiti-lo correspondente informe” art 28 da citada norma.

Da lectura do establecido no propio estatuto se deduce o procedemento de asignación e fixación da achega da Xunta de Galicia. Polo que non se axusta a legalidade establecida a redacción do informe económico-financeiro neste punto, xa que pretende xustificar un incremento nas previsións de ingresos sobre a base dunha suposta negociación que permitirá levar a cabo unha achega incrementada.

A contía de máis reflectida na aplicación do estado de ingresos do Orzamento minora o suposto” superávit orzamentario que se pretende en idéntica contía, este non sería tal

senón o que se desprendería dos axustes de ingresos adaptando a achega ao establecido nos Orzamentos da Comunidade autónoma co que nos situaríamos unha vez máis nun incumprimento do plan de axuste xa que o superávit real é inferior ao previsto neste.

O informe económico–financeiro do Orzamento adoce, por omisión, da análise da verdadeira e efectiva nivelación orzamentaria, en canto a suficiencia dos créditos para atender a integridade do cumprimento das obrigas exixibles, e así mesmo ao dar por boa unha estimación superior dos ingresos previstos sobre a base dunha contradición palpable co establecido na lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o actual a exercicio.

Por todo o anterior SOLICÍTASE ao pleno:

Que se teña por interposto en tempo e forma o presente RECURSO DE REPOSICIÓN contra a aprobación inicial dos orzamentos do exercicio 2013, realizada no pleno de abril de 2013 e como tal sexa aceptado. Solicítase de forma expresa que o proxecto de orzamentos para o exercicio 2013 e que obra no expediente, sexa devolto ao seu presidente ao obxecto de ser revisado e sometido aos principios orzamentarios establecidos na lexislación vixente anteriormente citados.”

“ESCRITO DE RECTIFICACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AOS ORZAMENTOS DE 2013

D. Francisco Reyes Santías, maior de idade, con DNI nº. 33245231-L, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela, con domicilio en Pazo de Raxoi, Baixo, Praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela, provincia da Coruña, designado a efectos de notificacións, en condición de interesado no procedemento que se tramita no expediente administrativo referido ao recurso de reposición presentado polo Grupo Municipal Socialista en relación coa aprobación provisional dos orzamentos para o exercicio 2013 realizada no Pleno Extraordinario de 25 de abril de 2013, comparezo e como mellor proceda en Dereito, **DIGO:**

I.- Que en data 22-05-2013 e con número 26861 o Grupo Municipal Socialista presentou un recurso de reposición solicitando que o proxecto de orzamento para o exercicio 2013 fose devolto ao Presidente da Corporación ao obxecto de ser revisado e sometido aos principios orzamentarios establecidos na lexislación vixentes citados no escrito do recurso de reposición.

I.- Que no recurso de reposición aprécianse unha serie de erros de transcripción consistentes en: a) No apartado de Alegacións e Fundamentos Xurídicos, na PRIMEIRA, no primeiro parágrafo, onde di “Máis do 50% da poboación” debe dicir “Máis do 20% da poboación”; b) No mesmo apartado de “Alegacións e Fundamentos

Xurídicos”, na TERCEIRA, na penúltima liña, onde di “non se pagaron estas facturas nin outras con data posterior” debe dicir “non se pagaron estas facturas e SI outras con data posterior”.

III.- Que a doutrina e a Xurisprudencia viron no principio de subsanabilidade unha manifestación do principio constitucional de non indefensión concretado procedimentalmente no principio *in dubio pro actione*, ou regra xeral da interpretación máis favorable ao exercicio das accións (STC de 30 setembro 1985). O principio de subsanabilidade das solicitudes está inspirado no principio antiformalista tendente á consecución dun resultado final de eficacia tuitiva dos dereitos e intereses en xogo e é de aplicación tanto ao procedemento administrativo xeral como aos especiais. Non debe esquecerse que, como afirma a STC de 12 de xullo de 2006, o “antiformalismo non supón desprezo das formas procesuais senón preocupación por evitar que algo que está pensado para garantir que a tutela xudicial sexa verdadeiramente eficaz se transforme en valladar irracional e irrazonable que impida alcanzala”. Pero non é só o carácter antiformalista do Dereito Administrativo, senón o recoñecemento e defensa dos dereitos e lexítimos intereses dos cidadáns, entre os que se atopan os propios servidores públicos en virtude dunha relación funcional, o que xustifica a imperativa regra da subsanabilidade dos defectos dos que é susceptible de adoeecer un escrito do particular. De entrada, o ordenamento xurídico, en todas as súas disciplinas, permite a subsanación dos meros erros materiais cometidos (art. 105.2 LRJPAC), posibilidade esta que non pode por menos que resultar extensible ás peticións e recursos presentados polos cidadáns e á cumprimentación de trámites, recoñecida en normas con rango de lei ás que está subordinada toda a actividade administrativa por virtude do principio de legalidade. Por outra banda, como ben expresa a STSJ de Cantabria de 7 de setembro de 1999, a progresiva espiritualización do Dereito pugna co emprego de fórmulas sacramentais de cuxa perfecta cumprimentación, sen posibilidade algunha de rectificación ou subsanación, dependa o exercicio mesmo dos dereitos.

Obvio é dicir que unha vez feito uso do principio de subsanabilidade e, por tanto, “emendado o defecto de que adoeecía a solicitude ou a documentación preceptiva, xorde na Administración un novo deber, a saber; o de tomar en consideración tal actuación do particular, porque van de seu os efectos retroactivos de dita subsanación polo que, para todos os efectos e con todas as consecuencias, debe entenderse producida coa mesma data en que foi formulada a propia solicitude que se emenda. De non facelo así, a consecuencia non pode ser outra que a anulación da resolución administrativa que se dita con data anterior á propia subsanación ou aquela que, ditada con data posterior, non a toma en consideración” (SAN de 21 de outubro de 1999).

En virtude do exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentado este escrito, o admita e proceda á rectificación dos erros de transcripción efectuados.

Por ser de Dereito que pido en **Santiago de Compostela, a catro de xuño de 2013.**”

2.- ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

“ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO Á APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2013.

1. ALEGACIÓN ÁS BASES DE EXECUCIÓN

As Bases de Execución do Orzamento de Santiago de Compostela de 2013 aprobadas inicialmente no Pleno Extraordinario do 25 de abril de 2013, exclúen do Título IV, a necesidade de contar nos contratos menores con tres orzamentos así como da fiscalización previa pola Intervención Municipal. Desde o Grupo Municipal do BNG demandamos a supresión de dita modificación, tal e como propuxemos na Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do 22 de Abril de 2013 e tal e como se aprobou na mesma por unanimidade a instancias do noso grupo. En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG propón manter o sistema co que se veu funcionando até o de agora no Concello de Santiago de Compostela á hora de proceder a tramitación de contratos menores.

2. MODIFICACIÓNS PUNTUAIS

O Grupo Municipal do BNG propón, unha minoración de diferentes partidas de gasto por importe de **1.550.461,98 euros** e un incremento por idéntico importe doutras partidas, tal e como se detalla no cadro adxunto:

PARTIDAS DIMINUÍDAS

ALCALDÍA

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
010 91201 22601	Protocolo. Atencions protocolarias	90.000,00	45.000,00	45.000,00
010 91200 23000	Organos de goberno. Dietas de cargos electos	5.000,00	2.500,00	2.500,00
010 91200 22602	Organos de goberno difusion	140.000,00	50.000,00	90.000,00
010 91200 22706	Organos de goberno. Estudios e traballos técnicos	20.000,00	10.000,00	10.000,00
010 91200 22699	Organos de goberno. Gastos diversos	42.886,85	32.886,85	10.000,00
010 91200 23000	Organos de goberno. Dietas de cargos electos	5.000,00	2.500,00	2.500,00
010 91200 23100	Organos de goberno. Locomoción de cargos electos	10.000,00	4.000,00	6.000,00

FACENDA

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
030 93900 22602	Facenda. Publicidade e Propaganda	6.000,00	6.000,00	-
030 93900 22711	O.A. Facenda. Estudos e traballos técnicos e económicos e asiste	150.000,00	130.000,00	20.000,00

DEPORTES

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
040 34900 23000	O.A. DEPORTES. DIETAS MEMBROS ÓRGOS	1.500,00	750,00	750,00
040 34900 22110	O.A.Publicidade e Propaganda	2.500,00	2.500,00	-
040 34900 22706	Deportes. Estudios e traballos técnicos	27.000,00	13.500,00	13.500,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
080 45400 22706	Medio Rural. Estudios e traballos técnicos	34.963,17	24.963,17	10.000,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
090 13200 22699	Mobilidade (Seguridade e ode público). Gastos diversos	14.000,00	10.000,00	4.000,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
100 92000 22699	Administración Xeral. Gastos diversos	10.000,00	7.000,00	3.000,00
110 43101 22706	Mercados. Estudos e traballos técnicos	14.848,00	8.848,00	6.000,00
100 92000 15100	Administración Xeral. Gratificacións	560.400,08	160.400,08	400.000,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
110 43100 22699	Comercio. Gastos diversos	5.000,00	3.000,00	2.000,00
110 43101 22699	Mercados. Gastos diversos	10.000,00	7.000,00	3.000,00
110 92300 22699	Estatística. Outros gastos diversos	23.000,00	23.000,00	-

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
120 33403 22699	CSC. Outros Gastos diversos	10.000,00	7.000,00	3.000,00
120 33800 22706	Festas e Festexos. Estudios e traballos técnicos	6.000,00	3.000,00	3.000,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
130 15100 22699	Urbanismo. Gastos diversos	7.625,00	4.625,00	3.000,00

PARTIDA	DESCRICIÓN	PROPOSTA 2013	MINORACIÓN	TOTAL 2013
	Supresión praza "Dirección de área de persoal e contratación"	72.494,44	72.494,44	-
	Supresión praza "Teseoreiro de apoio"	72.494,44	72.494,44	-

CADRO DE PERSOAL

	Non dotar as 15 prazas vacantes que non se van cubrir		600.000,00	
	Non dotar as 8 prazas de promoción interna (só a diferenza)	272.000,00	247.000,00	25.000,00

TOTAL REDUCC 1.550.461,98

PARTIDAS AUMENTADAS

PERSOAL

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
100 92000 16204	Admón. Xeral. Gastos Acción Social	223.500,00	226.500,00	450.000,00
100 92000 16108	Admón. Xeral. Outras prestación sociais	60.000,00	40.000,00	100.000,00
100 92000 15000	Admón. Xeral. Complemento de Productividade	113.500,00	111.860,00	225.360,00

VÍAS PÚBLICAS

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
130 15100 74900	Vías públicas. Infraestruturas obras de investimento	425.000,00	175.000,00	600.000,00

EMPREGO

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
140 24100 22698	Emprego. Actividades	100.000,00	400.000,00	500.000,00

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
020 33402 22698	Normalización lingüística. Actividades	26.700,00	10.089,38	36.789,38

MEDIO RURAL

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
080 45400 63100	Medio Rural. Reparación e mantemento de camiños veciñais	63.760,00	56.240,00	120.000,00

RELACIÓNS VECIÑAIS

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
120 92402 48901	Relacións Veciñais. Outras transferencias	64.800,00	7.200,00	72.000,00

SANEAMENTO E ABASTECIMENTO

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
080 16100 75000	Saneamento e Abastecemento	-	70.000,00	70.000,00

SUBVENCIONES NOMINATIVAS

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
	Subvenciones Nominativas		53.572,60	

NOVOS PROGRAMAS

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	PROPOSTA 2013	AUMENTO	TOTAL 2013
	Programa de loita contra a pobreza		400.000,00	

TOTAL **1.550.461,98**

3. OUTRAS CONSIDERACIONES

Desde o Grupo Municipal do BNG, entendemos que existen diferentes partidas consignadas indebidamente no presente Orzamento Municipal. En primeiro lugar, consideramos que se a Xunta de Galiza orzamentou en 2,29 millóns de euros a súa transferencia ao Concello en concepto do “Estatuto de Capitalidade” o Concello de Santiago non pode orzamentar (como así o fixo), dita partida en 2,7 millóns de euros, xa que isto provoca un desfase contábel de máis de 400.000 euros no apartado dos ingresos. Tal e como establece o Estatuto de Capitalidade na lexislación vixente, a cuantía económica establecerase con anterioridade á aprobación dos Orzamentos da Xunta, polo que non é moi críbel que a estas alturas a cuantía recollida nos orzamentos aprobados pola Xunta de Galiza, sexa modificábel.

En segundo lugar, tal e como advertimos no debate Plenario, a conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, cun saldo acredor por importe de

1.633.806,04 euros, non aparece consignada na súa totalidade no estado de gastos do presente orzamento, sendo imprescindible a dotación de créditos polo importe total da mesma, xa que son obrigas que se deberán satisfacer contra o orzamento municipal. Nese mesmo sentido e, ao fío do informe da Intervención, non vemos que a partida “Pagos realizados pendentes de aplicación orzamentaria” teña consignación axeitada no orzamento de 2013, polo que non consta consignación suficiente para facelos efectivos os pagos efectuados polo Concello procedentes de obrigas da empresa EMUVISSA.

Estes desaxustes, implican un incremento do gasto non financeiro e, polo tanto, ao noso xuízo, poden facer entrar en contradición a presente proposta de orzamentos co Plan de Axuste e coa regra do gasto que se implanta nesta anualidade.”

Os informes que se emitiron sobre as alegacións presentadas foron os seguintes:

* Informe da Secretaría Xeral do Pleno-Asesoría Xurídica, do día 20 de maio de 2013, sobre emenda da Sra. Concelleira-Delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 22 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Don Juan José Cubero Suárez e outros.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 22 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Don Benito González Alonso en representación da Xunta de Compensación do Solo Urbanizable non Programado número 25, de Roxos-Quintás. Esta alegación tamén foi obxecto de informes do servizo de planeamento e xestión urbanística do día 22 de maio de 2013.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 23 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Dona María Jesús Calvo Tomé. Presidenta da “Asociación Compostelana de Nenas e Nenos Hiperactivos”.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 23 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Dona Lucía Carreira Pérez, Presidenta da “Asociación Cultural Musical Solfa”.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 23 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Dona María Moreno Berguer.

* Informe da Dirección da Área de Facenda, Contratación e Control do Gasto, do día 23 de maio de 2013, sobre a alegación presentada por Dona María Martos Da Silva, Presidenta da Asociación Cultural e Social “Chaira”.

* Informe da xefatura do servizo de persoal, de data 27 de maio de 2013 sobre as alegacións que presentan as seccións sindicais con presenza na Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

* Informe do Sr. Interventor de Fondos Municipais, de data 28 de maio de 2013, sobre emenda da Sra. Concelleira-Delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

* Informe da Secretaría Xeral do Pleno-Asesoría Xurídica, do día 29 de maio de 2013, sobre posibilidade de presentar recurso de reposición polo grupo municipal socialista contra a aprobación inicial dos orzamentos.

* Informe da Secretaría Xeral do Pleno-Asesoría Xurídica, do día 6 de xuño de 2013, sobre escrito de rectificación do recurso de reposición do grupo municipal socialista.

Figura no expediente unha proposta inicial de acordo, suscrita pola concelleira-delegada de Facenda, que leva data do 4 de xuño deste ano, e que foi obxecto do **informe do Sr. Interventor de Fondos Municipais**, do día 7 seguinte que a seguir se reproduce:

“O Concello-Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de abril do ano en curso, adoptou acordo de aprobación provisional do Proxecto de Presuposto Xeral para o ano 2013.

En cumprimento do previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Proxecto de Presuposto foi exposto ao público polo prazo previsto no precepto legal indicado. Durante o devandito prazo foron presentados un total de 10 escritos de oposición no rexistro xeral do Concello dentro do prazo de exposición pública posterior á aprobación provisional do acordo, segundo certificado expedido polo Sr. Vicesecretario do 22 de maio incorporado ao expediente.

Con data de 5 de xuño ten entrada nesta Intervención o expediente instruído tras a finalización daquel prazo de exposición pública acompañado dunha proposta de acordo ao Pleno da Corporación, suscrita pola Sra Concejala Delegada del Área de Hacienda.

Examinada tal proposta así como a documentación que conforma o expediente remitido, procede a emisión do seguinte informe:

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais - TRLRHL, regula o réxime de reclamacións á aprobación inicial do proxecto de Presupostos das Entidades locais, e no seu apartado primeiro fai referencia á lexitimación activa para presentar tales reclamacións; lexitimación que se formula en termos diferentes ao que resultaría de

aplicar a lexitimación procesual pertinente atendendo á Lei 29/1988 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativo, - LRJCA -, unha vez que recaída aprobación definitiva do documento presupostario. Así en efecto, o apartado primeiro do artigo 171 do RD Lexislativo 2/2004, establece que contra a aprobación definitiva do presuposto se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que determinan as normas da devandita xurisdición.

Por outra parte, a lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións contra a aprobación provisional do proxecto de presupostos, prevista no primeiro dos preceptos legais indicados, considera tres categorías de interesados: os habitantes do territorio da respectiva Entidade local, debendo entenderse por tales os habitantes de dereito; en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local, isto é, aqueles que poidan ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán; e finalmente e en terceiro lugar faise mención dentro desta lexitimación na vía administrativa para reclamar contra os presupostos municipais a unha serie de entidades (Colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que dende a súa condición pública ou privada, poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

En segundo lugar, debe terse en conta que o apartado segundo do citado artigo 170 e do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o apartado do mesmo numeral do artigo 22 do RD 500/90 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación das devanditas reclamacións na vía administrativa.

Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán entaboardarse reclamacións contra a aprobación inicial do presuposto, vén determinado, a teor dos preceptos indicados anteriormente, por non se axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do presuposto deben ser o suficientemente graves como para anular o mesmo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical ou plena, habería de aplicarse o "principio de conservación de actos".

En segundo lugar, a Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos presupostos as oportunas consignacións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados na aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, que supón unha excepción á regra xeral do efecto autorizante do presuposto, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, é preciso que a obriga sexa "esixible", isto é, que se

perfeccionase mediante os actos necesarios para a súa efectividade. É por iso que o indicado artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, recolle un segundo suposto polo cal só se admite a impugnación dos presupostos pola omisión de créditos para o cumprimento de obrigas cando estas sexan “exigibles a la Entidad local en virtud de precepto legal o cualquier otro título legítimo”.

Finalmente e en terceiro lugar, un último motivo taxado de reclamación contra o presuposto dunha Entidade local constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e destes respecto das necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben, o repetido artigo 170 do TRLRHL, soamente permite as reclamacións cando tales insuficiencias sexan "*manifestas*", pois outra cousa supoñería limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local. Por outro lado, habería que distinguir entre gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases de Réxime Local, Lei 7/85 do 2 de abril, e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar o seu preceptividade.

Exposto o anterior, do exame da documentación o expediente instruído pola Directora da Área de Facenda para a aprobación definitiva do proxecto de Presuposto Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2013, o Interventor que subscribe formula as seguintes consideracións:

Primeira. - Escritos de oposición non admitidos.

Decláranse como non admisibles, por cuestións formais e sen entrar no fondo do asunto, un total de 6 escritos de oposición, fundamentándose e motivándose a inadmisión, ben na falta de lexitimación activa de quen os subscribe e presenta, ben sobre a base de non se encontrar dentro dos motivos taxados que enumera o apartado segundo do xa mencionado máis arriba artigo 170 TRLRHL.

No primeiro grupo, e por falta de lexitimación activa rexéitanse os escritos de oposición presentados polos Grupos Políticos Municipais do PSdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego.

A proposta de acordo que contén o expediente e que se eleva ao Pleno da Corporación, propón rexeitar a argumentación que conteñen os escritos de oposición dos Grupos Políticos Municipais, ao considerar e razoar que estes non teñen a condición de "*interesados*", dado que neste concepto, tal e como vén determinado polo TRLRHL, non comprendería ao dun Grupo Político Municipal, cuxa función política de control e fiscalización se canaliza a través doutros mecanismos previstos na Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e normativa que a desenvolve.

Tal argumentación xurídica, soporte da inadmisión que propón ao Pleno a Concellaría de Facenda, extráese dun informe do 29 de maio do ano en curso emitido polo titular da Asesoría Xurídica Municipal; informe solicitado pola Sra. Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto, na súa condición de instrutora do expediente de Presuposto para 2013 e por ende da resolución das reclamacións presentadas a este, a procedencia do informe emitido encóntrase na función conferida á Asesoría Xurídica Municipal de asistencia xurídica aos órganos directivos municipais, consistente no asesoramento xurídico e a defensa en xuízo (Artigo 129.1 da LRBRL e 59.2.e) e 60 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela).

O rexeitamento aos tres escritos de oposición fundaméntase, nesa falta de lexitimación activa e ademais nun deles que se presenta coa denominación de recurso de reposición considérase improcedente ao entenderse que o documento presupostario participa da natureza xurídica de disposición de carácter xeral, indicándose que non procede este recurso a teor do disposto no artigo 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No segundo grupo de reclamacións rexeitadas, isto é, aquelas que se fundamentan en motivos de oposición non susceptibles de encadrarse nos supostos taxados do artigo 170.2, estarían as presentadas por "Asociación Cultural Musical Solfa", "Asociación Compostelá de nenos e nenas hiperactivos/ás" "Asociación Cultural e Social Xaira".

O interventor que subscribe entende que a función dos Grupos Políticos Municipais, introducidos no réxime local pola Lei 11/1999 de modificación da LRBRL, se proxecta no ámbito estritamente interno da Corporación na que se constituísen, sen que, en ningún caso, poidan substituír os concelleiros que os integran no exercicio das súas facultades, entre as que se encontran o dereito ao voto e ao exercicio de accións xudiciais fronte aos acordos municipais; se ben, sen que iso supoña negar, - seguindo ao finado D. Ángel Ballesteros Fernández ("Manual de Dereito Local". Editorial El Consultor de los Ayuntamientos) -, que os Grupos Políticos Municipais carezan de capacidade procesual, pois si a teñen en efecto e sobre ela se proxecta posteriormente a súa lexitimación activa en función da titularidade dun dereito ou un interese lexítimo relacionados cunha actuación administrativa e coas pretensións que en relación con esta se exercen nun recurso concreto.

É dicir, hai que entender que o Grupo Político Municipal como tal ten lexitimación activa, pero limitada á impugnación de todos aqueles actos e acordos recorribles que fosen adoptados polos órganos da corporación local en que se constituíse, na medida que os devanditos actos afecten ao status xurídico do Grupo: asignación de despacho e demais medios materiais, asignación económica, número de membros que lles

corresponden nas Comisións Informativas e demais órganos colexiados de carácter complementario dos que deban formar parte, etc,...

Non obstante o anterior, considero que non pode deixarse pasar por alto unha cuestión que ao meu xuízo ten unha gran relevancia en relación ao que se vén expoñendo, cual é o feito de que nos encontramos ante un acordo de carácter provisional como é a aprobación inicial do documento presupostario, para a que se outorga e habilita un prazo especial de presentación de eventuais reclamacións, as cales non participan da natureza de recursos, xa que a interposición destes procederá unha vez que o acordo plenario adquira carácter definitivo, en cuxo caso queda expedita a vía para a impugnación directamente deste ante a xurisdición contencioso-administrativa.

É dicir, un reclamación non é un recurso, non é un acto de impugnación, senón que participa da natureza dun acto de instrución dentro do procedemento administrativo de tramitación do documento presupostario, que en último termo o que persegue é coadjuvar á formación da vontade do órgano municipal que ten atribuída a competencia resolutoria correspondente, neste caso, o Pleno da Corporación.

Co trámite de información pública búscase o conceder unha oportunidade para que os que resulten afectados pola iniciativa pública de que se trate poidan alegar ou reclamar para a defensa dos seus intereses particulares propios (artigo 170.1 LRHL: lexitimación activa) e en orde a evitar posteriores recursos en vía administrativa ou xurisdicional; pero tamén esta información pública ten outra vertente ou finalidade, cual é a de efectuar un chamamento público para posibilitar a achega de máis datos e elementos de xuízo a través das reclamacións que se formulen, de tal maneira que permitan adoptar o acto administrativo definitivo cun maior coñecemento e por ende cunha maior dose de acerto, neste caso para reforzar e consolidar unha premisa fundamental do documento presupostario cual é a suficiencia para a cobertura das obrigas contraídas, consolidando a aseveración que en tal sentido contén o documento que constitúe a pedra angular do expediente presupostario, isto é, o informe económico-financeiro. Como xa indicamos, consideramos que a reclamación a presentar durante este período de exposición pública, non é un acto de impugnación, non se configura como un recurso, senón como un acto de instrución.

Por último, e en relación a este grupo de alegacións que non se admitiron a trámite, debemos advertir que se aprecia unha incoherencia en relación a iso no cuarto parágrafo da primeira páxina da proposta de acordo ao Pleno, derivado posiblemente dun erro informático ou de transcripción, dado que alí se indica: "Todas as alegacións foron resoltas de forma xustificada, mesmo aquelas que non se encontran nalgún dos supostos previstos no TRLRHL, como casos obxectivos para entaboar alegacións ou reclamacións aos presupostos das entidades locais", entendemos que antes de someter

ao Pleno a proposta esta afirmación debe ser matizada pois o que se indica non se pode extender, obviamente, a todas as reclamacións presentadas.

Segunda. - Desestimación das alegacións conxuntas formuladas polas seccións sindicais CIG, CSIF, UGT, CCOO e SPPME.

Esta alegación que é admitida, desestímase na súa totalidade sobre a base dun informe da Sra. Xefa do Servicio de Persoal.

Á vista do devandito informe e da reclamación presentada formulamos as seguintes consideracións:

En canto ao incumprimento dos compromisos das cláusulas cuarta, quinta e sexta do acordo regulador/convenio colectivo, o informe de persoal vincula tales compromisos á situación económica xeral e á súa consideración como obrigas esixibles en termos da normativa reguladora da facendas locais (se cita o artigo 59 e seguintes do RD 500/90 do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais).

O funcionario que subscribe entende que o relevante dende o punto de vista formal, será, en todo caso, a xestión que das previsións contidas nos artigos 38.10 e 32 in fine da Lei 7/2007 do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, levase a cabo o servizo municipal de persoal. Estes preceptos fan referencia á "excepcionalidad de suspensión o modificación del cumplimiento de los Pactos y Acuerdos por causas graves de interés público derivada de una alteración sustancial de las circunstancias económicas", o primeiro dos preceptos para o persoal sometido ao estatuto funcional e polo segundo faise extensible ao persoal laboral, tras a modificación introduce neste precepto legal polo Real Decreto 20/2010, do 13 de xullo de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

O resto de alegacións fan referencia basicamente ás medidas que en materia de gastos de persoal se contemplan no Plan de Axuste aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de marzo do 2012 de acordo coas previsións contidas no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento a provedores das Entidades locais. No presuposto que se tramita inclúense dotacións económicas para a execución de tales medidas consideradas naquel plan financeiro no ano 2013.

Con data de 28 de decembro do 2012, o funcionario que subscribe emitiu informe por solicitude da Alcaldía en relación a estes extremos que se achega como anexo ao presente informe.

No expediente presupostario inclúese un escrito, - de data posterior ao informe que se anexa -, subscrito polo Subdirector Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais da Secretaría de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de contestación a unha consulta formulada pola Concellaría de Facenda deste Concello en relación á incidencia no Plan de Axuste dun eventual resolución xudicial, o contido do escrito coincide cos criterios interpretativos desta Intervención expostos con ocasión da emisión do informe que se anexa.

Finalmente, polo que se refire ás consideracións efectuadas no informe de persoal, que fundamenta a desestimación desta reclamación das centrais sindicais, debemos aclarar o seguinte:

O superávit presupostario a que se refire o artigo 32 da Lei 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, non se debe confundir co resultado presupostario, pois a delimitación tanto cualitativa coma cuantitativa destas dúas magnitudes é diferente.

O resultado presupostario é unha variable presupostaria que se relaciona co grao de execución dun presuposto determinado, é unha variable fluxo que pon de manifesto en cada exercicio económico e para o presuposto que rexese durante este, cual foi a correlación entre ingresos e gastos totais en termos de execución, informando de se os primeiros foron capaces ou non de cubrir aos segundos, segundo que esta magnitude adquira valores positivos ou negativos, respectivamente, ou o hipotético caso de igualdade entre uns e outros, se o resultado presupostario fose nulo.

O superávit presupostario que alude o artigo 32 da Lei 2/2012 antes citada relaciónase cos conceptos de capacidade e necesidade de financiamento, e calcúlase en termos do SEC (Sistema Europeo de Contas Nacionais), sendo un concepto introducido no sector local pola inicial e hoxe derogada Lei 18/2001 de Estabilidade Presupostaria. Na Lei de Estabilidade vixente, o seu artigo 32 obriga na actualidade e dende a entrada en vigor desta a que ese superávit en caso de existir deba destinarse a minorar o endebedamento neto, isto é, as variacións positivas dos pasivos financeiros, aplicándose á redución do servizo de débeda.

“Artículo 32 Destino del superávit presupuestario

En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el endeudamiento neto. En el caso de la Seguridad Social, el superávit se aplicará prioritariamente al Fondo de Reserva, con la finalidad de atender a las necesidades futuras del sistema.”

A disposición adicional septuaxésima cuarta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado, introduciu a previsión de que *“durante el año 2013, el Gobierno, previo acuerdo con las Asociaciones locales más representativas e informe de la Comisión Nacional de Administración Local, promoverá la modificación del artículo 32 de la Ley 2/2012 de 27 de abril de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, con el fin de determinar y desarrollar las condiciones para posibilitar el destino finalista del superávit de las entidades locales”*.

Á data de emisión deste informe tal previsión non foi materializada.

Terceira. - Reclamación do persoal procedente da empresa municipal EMUVISSA.

A través desta reclamación o persoal procedente desta empresa de capital integramente local que iniciou o seu proceso de disolución no pasado exercicio económico do 2012 e na actualidade xa liquidada, require a súa inclusión no Anexo de Persoal, ao ter acordado o Pleno da Corporación a súa integración na organización municipal.

A proposta ao Pleno desta reclamación é a de estimación, por considerase que a devandita omisión deriva dun erro de feito. Non consta informe do servizo de persoal, explicándose as razóns da comisión do erro o informe da Directora da Área de Facenda emitido para o efecto, na súa páxina 4 baixo o epígrafe de consideracións xurídicas e a necesidade da súa inclusión e emenda do erro na súa conclusión terceira.

En calquera caso se deixa constancia de que a modificación presupostaria 2013-TRANS-01 se considera realizada sobre o presuposto que se propón para o exercicio 2013.

Cuarta. - Reclamación da Xunta de Compensación do SUNP-25- ROXOS-QUINTANS.

Sobre a base de informe do departamento municipal de urbanismo estímase a reclamación de referencia, non comportando a súa consideración unha variación cuantitativa do montante do presuposto en trámite, polo que non constitúe unha modificación substancial do inicialmente aprobado polo Pleno da Corporación e sometido a información pública.

Quinta. - Reclamación de Dona María Moreno Berguer e emenda de erros materiais no Anexo de Persoal.

No apartado 9 da proposta de acordo, que por orde correlativa correspondería o 10, efectúanse unha serie de correccións de erros no Anexo de Persoal incluído no expediente.

Tales erros que se consideran de feito, de acordo co informe da Directora da Área de Facenda, derivan da omisión de determinados postos de traballo e da inclusión doutros que non procedería.

En todos os casos a corrección dos erros se inicia de oficio, salvo o caso da omisión do posto de Xefe/a do Servizo de Mobilidade cidadá que se inicia a instancia de parte sobre a base dunha reclamación presentada.

No informe que fundamenta a estimación de correspondente á reclamación formulada e á procedencia da corrección do resto dos erros advertidos, se indica que "se propón ao Concello Pleno de la Corporación, a corrección dos devanditos erros, tendo en conta que a diferenza na consignación presupostaria que figuraba no Anexo de Persoal anterior, e a que figura no novo Anexo de Persoal 2013 corrixido, ascende á contía de 2.019,97 euros en negativo,.... " (sic).

A tales efectos, indícase que "se deberá minorar" a aplicación presupostaria 100.92000.12103 "Administración Xeral Creación dun Fondo de Adecuación".

Á vista do anterior o funcionario informante conclúe que non constan explicitar os motivos que orixinaron tales erros e tampouco se detallan os custos correspondentes aos postos que se exclúen e os que se propón incorporar ao anexo de persoal que como documentación complementaria debe achegarse por imperativo legal ao expediente presupostario e que darán lugar á correspondente variación nas dotacións presupostarias correspondentes aos postos de traballo afectados pola corrección proposta.

Non consta informe de persoal, iso introduce, ao meu xuízo, un nesgo na medida que ao non intervir o servizo municipal a quen corresponden as funcións administrativas implicadas, non queda acreditado que a corrección dos invocados erros materiais ou de feito non afecten a intereses de terceiros e da súa emenda nos termos propostos poida derivarse unha situación de indefensión e ademais para o caso da aplicación presupostaria cuxa dotación se propón minorar para conxugar o "*saldo negativo*" resultante da compensación dos postos de traballo que se inclúen e se exclúen, afecta a dotacións presupostarias cuxa finalidade é cubrir gastos derivados da adecuación de retribucións de postos de traballo ou de creación de postos de traballo, e esta é unha materia que a teor do establecido no artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público se encontra no ámbito dos dereitos de negociación colectiva, polo que parece recomendable un pronunciamento do servizo de persoal ao respecto.

En todo caso, tendo en conta que o Anexo de Persoal que se inclúe no expediente ten como finalidade xustificar as dotacións económicas consignadas no Capítulo I de gastos de persoal, resulta necesario incluír na proposta ao Pleno da Corporación o detalle das

dotacións económicas das aplicacións presupostarias afectadas pola modificación que se propón do Anexo de Persoal, con identificación daquelas mediante a expresión do seu código e denominación, o detalle do crédito aprobado inicialmente, o importe que deste se modifica á alza ou á baixo e o crédito que finalmente resultaría da modificación proposta.

Sexta. - Emenda da Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostido en relación ás Bases de Execución do Presuposto. Contratos menores por razón de contía.

En relación a esta emenda remítome ao informe desta Intervención que con referencia a esta foi solicitado pola Sr.a Concelleira e que consta no expediente.

Sétima. - Escrito de solicitude de corrección de erros materiais ou de feito suscrito pola Sra. Concelleira de Normalización Lingüística.

A minoración e aumento nas dotacións presupostarias que supón a corrección dos erros advertidos pola Sr.a Concelleira son equivalentes economicamente e non determinan variacións de orde cualitativa, polo que non constitúen unha modificación substancial do documento presupostario inicialmente aprobado.

Oitava. - Modificacións de crédito tramitadas e aprobadas durante a prórroga.

O punto número 15 da proposta que se somete á consideración do Pleno da Corporación, que por orde correlativa sería a 16, refírese ao asunto referenciado; debe ser obxecto de modificación o seu texto, pois en coherencia co que se vén expoñendo, o Pleno da Corporación debe acordar xustamente o contrario do que se expresa, isto é, que todas as modificacións presupostarias aprobadas durante a prórroga se consideran comprendidas nos créditos iniciais do documento presupostario que se propón para o 2013 e por conseguinte á entrada en vigor deste deben ser anuladas, a excepción da 2013-TRANS-01 referente á incorporación do persoal da empresa EMUVISSA, que se considera realizada sobre os créditos iniciais do presuposto aprobado para o exercicio.

Ademais, tamén deben ser excepciónadas e considerada como efectuadas sobre os créditos iniciais do presuposto para o exercicio as xeracións de crédito a que nos referiremos na consideración novena seguinte, e nos termos e condicións que se indiquen.

Novena. - Incidencias detectadas pola Intervención con ocasión da incorporación á base de datos da contabilidade municipal, do estado de ingresos e gastos do proxecto de Presupostos Xerais municipais inicialmente aprobado para o exercicio 2013.

Tras a aprobación provisional polo Pleno do Presuposto a que se refire este informe, procedeuse á carga das cifras consignadas neste ao aplicativo informático existente para a levanza e desenvolvemento da contabilidade municipal, co obxecto de efectuar unha simulación da integración das operacións levadas a cabo durante a prórroga presupostaria no inicialmente aprobado para o exercicio actual coa finalidade de detectar posibles incidencias ou desaxustes.

Efectuado tal proceso detectáronse efectivamente incidencias e incongruencias no cruzamento da información tratada, as cales foron comunicadas á Sra. Directora da Área de Facenda.

Obsérvase que determinadas incidencias detectadas naquel proceso non constan reflectidas na proposta que se eleva ao Pleno da Corporación, polo que a continuación se detallan neste informe, deixando constancia de que por imperativo legal o presuposto que haxa de rexer para o exercicio terá efectos dende o 1 de xaneiro e, por conseguinte, as operacións efectuadas durante prórroga inexorablemente deben de quedar reflectidas coa debida coherencia e nos termos en que foron realizadas naquel.

1.- Expedientes de xeración de crédito tramitados e aprobados durante a prórroga presupostaria.

Durante a prórroga presupostaria foron tramitados e aprobados expedientes de modificación presupostaria na modalidade de xeración de crédito derivados da concesión de subvencións e compromisos de achega para cofinanciar con esta Administración municipal determinados proxectos de gasto.

No proceso informático aludido anteriormente púxose de manifesto a existencia de diferenzas entre as estimacións de créditos consignados no proxecto de presuposto inicialmente aprobado, con respecto aos importes xerados nas modificacións presupostarias contabilizadas durante a prórroga; importes que foron determinados sobre a base da documentación incorporada aos expedientes de modificación: propostas das unidades xestoras municipais e convenios e resolucións administrativos de concesión das subvencións e compromisos de achegas económicas para os programas de gasto correspondentes.

O detalle das diferenzas observadas por programas de gasto, aplicacións presupostarias e modificacións presupostarias tramitadas e aprobadas é o que se reflicte a continuación:

PROGRAMA	PARTIDA	XENERADO	ORZAMENTO	DIFERENCIAS
2012-3-COP01-12	140-24100-13100	3.571,41	2.322,00	-1.249,41
	140-24100-16000	914,40	783,69	-130,71

15/02/2013	TOTAL	4.485,81	3.105,69	-1.380,12
2012-3-COP02-12	140-23900-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	140-23900-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
2012-3-COP03-12	140-24100-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	140-24100-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
2012-3-COP04-12	040-34900-13100	9.470,86	7.869,00	-1.601,86
	040-34900-16000	3.028,78	2.665,74	-363,04
05/11/2013	TOTAL	12.499,64	10.534,74	-1.964,90
2012-3-COP05-12	120-92402-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	120-92402-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
TOTAL EXPTE 2013- XENER-03		91.983,29	76.788,87	-15.194,42
2013-3-CEMIT-13	140-24100-13100	14.254,05	25.570,48	11.316,43
	140-24100-16000	4.575,61	8.208,24	3.632,63
31/12/2013	TOTAL	18.829,66	33.778,72	14.949,06
TOTAL EXPTE 2013- XENER-05		18.829,66	33.778,72	14.949,06

Por conseguinte, como xa se indicou na consideración oitava anterior, debe quedar reflectida na proposta ao Pleno e posterior acordo, que estas modificacións presupostarias, - nas cales se aprecian diferenzas respecto do presupostado -, se entenderán comprendidas nos créditos iniciais do presuposto para o exercicio ata o importe coincidente entre o xerado e o consignado naquel, procedendo, polo tanto, a anulación parcial de tales modificacións polo importe coincidente á entrada en vigor do devandito presuposto para o exercicio; e por outra parte débese deixar constancia de que a diferenza en máis do importe das xeracións tramitadas durante a prórroga sobre os créditos iniciais do repetido presuposto que haxa de rexer no ano 2013 se considerarán efectuadas sobre aqueles, incrementándoos na diferenza que corresponda en cada caso.

As modificacións afectadas deben identificarse expresamente na proposta ao Pleno e posterior acordo.

2.- Erros na codificación de aplicacións presupostarias e duplicidades.

Detectáronse os erros que a continuación se indican en códigos de aplicacións presupostarias e noutros casos duplicidades:

- a) No programa de gastos de débeda pública, onde di "11000", debe dicir "01100".

b) As aplicacións que a continuación se indican e cuxas dotacións están destinadas a gastos de distinta natureza deben ser obxecto de corrección no código asignado por canto que aparecen duplicadas:

CODIGO	DENOMINACION	IMPORTE
100.92000.12103	Administración Xeral. Outros complementos funcionarios	6.160,00
100.92000.12103	Administración Xeral. Creación dun fondo de adecuación	73.000,00
CODIGO	DENOMINACION	IMPORTE
130.93301.68100	Xestión patrimonio. Gastos en investimentos de bens patrimoniais. Terreos e bens naturais	2.889.999,75
130.93301.68100	Xestión patrimonio. Gastos en investimentos de bens patrimoniais. Edificios e outras construcións	164.277,56

c)
Med
iant

e modificación presupostaria número 2013-CTO.EXTRAOR-09, tramitada e aprobada polo Pleno da Corporación durante prorróga dotáronse créditos extraordinarios para recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de SERMASA, S.A., por importe de 677.412,91 euros, co seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE CTO. EXTRAORDINARIO
020-32100-22710	R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza colegios	628.313,43 euros
020—32102-22710	R.EX.Fact.2012 SERMASA limpeza E. infantis	49.099,48 euros.
	TOTAL	677.412,91 euros

No proxecto de presuposto que se propón nos seus créditos iniciais dótase para tal fin unha única aplicación presupostaria: 020.32101.22790 polo importe total de 677.412,91 euros.

Debe de procederse á correspondente corrección, na medida que como xa indicamos o presuposto para o exercicio debe recoller fielmente as operacións realizadas durante a prórroga.

3.- Aplicacións presupostarias ás que se imputaron gastos durante a prórroga non contempladas no presuposto para o exercicio.

A estrutura do presuposto que se propón para o exercicio non inclúe as aplicacións presupostarias que se indican a continuación que se foron obxecto de incorporación polo Decreto de prórroga do presuposto do exercicio 2012 e ás cales se imputaron gastos de acordo coa natureza económica e funcional destes:

* Aplicación presupostaria: 090.44100.22690 (Transportes. Outros gastos diversos”). Imputáronse gastos de tarxetas pensionistas durante o período de prórroga por importe de 1.929,15 euros.

* Aplicación presupostaria:

1. 030.93400.35901 (Outros Xuros. Outros gastos financeiros’): 143,75 euros.
2. 030.93400.35900 (“Xuros a particulares. Outros gastos financeiros’): 1.405,47 euros.

4.- Subministración de enerxía eléctrica.

Na documentación correspondente aos antecedentes para a elaboración dos presupostos que se informan, consta a previsión de que durante o ano 2013 se iniciará un procedemento de licitación para a contratación das subministracións de enerxía eléctrica.

Os termos en que tal previsión se considera no proxecto de presuposto para 2013 aprobado provisionalmente, teñen unha dobre incidencia en relación co presuposto prorrogado:

* Por un lado, no presuposto para o 2013 considérase unha única aplicación presupostaria para recoller este tipo de gastos, mentres que a resolución de prorroga incluíu diversas aplicacións presupostarias tendo en conta e en función da clasificación por programas da normativa reguladora da estrutura presupostaria, mantendo o criterio de exercicios anteriores.

* Como consecuencia de que se estima que a nova licitación comportará unha diminución de custos destas subministracións, a dotación asignada á única aplicación presupostaria prevista no presuposto do 2013, é significativamente inferior á suma das consignacións das aplicacións presupostarias para dar cobertura a estes gastos, incorporadas na resolución de prórroga.

Á data de emisión do presente informe non se ten coñecemento de que se iniciase o expediente de contratación previsto.

Os créditos prorrogados ao exercicio do 2013 e as obrigas recoñecidas durante o ano 2012 por estes suministros detallase de seguido:

ORG	PROGR.	ECON.	DESCRIPCION	CTOS. PRORROGA	OR 2012
O20	32100	22100	C.Educa.infantil Ener.electr. E.infantiles Xest.munc.	0,00	263.840,43
O20	32101	22100	Id. E.infantiles	120.000,00	12.019,55
O20	32102	22100	Conv.Consor.id	8.500,00	-

O20	32300	22100	Promoción educat.id	55.000,00	1.700,00
O40	34200	22100	Instal.deport.id	1.700,00	310.341,97
O80	16500	22100	Alumeado.Id	250.000,00	2.345.894,34
100	92000	22100	Admon.Xeral. Id	1.715.857,46	350.014,25
120	33403	22100	CSC id	353.000,00	45.500,53
140	23900	22100	Energía electrica	53.000,00	103,35
			TOTAL	2.557.057,46	3.329.414,42

O importe consignado para este tipo de gastos na aplicación presupostaria que se inclúe no presuposto para o 2013 ascende a: 2.562.138,46 euros.

Tendo en conta que por imperativo legal o presuposto que haxa de rexer para o exercicio ten efectos dende 1 de xaneiro, resulta necesario corrixir o desaxuste producido. Igualmente débense de tomar medidas ante o previsible déficit que se poida orixinar pola falta de sincronización entre o presupuestado e o expediente de licitación para a contratación prevista no 2013.

Décima.- Finalmente e conforme o previsto nos artigos 169 e 171 do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, cabe suññar o seguinte:

* O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presente contra o orzamento, contándose iste último prazo a partir do día seguinte o de finalización da exposición o público (artigo 20.1 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril).

* O quorum necesario e o mesmo que o requerido para a aprobación inicial, isto e, con carácter xeral o de maioría simple.

* O Orzamento xeral, definitivamente aprobado, terá que ser insertado, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, e elo en congruencia cos principios de seguridade xurídica para garantía dos cidadáns e de publicidade das normas que regula o artigo 9.3 da vixente Constitución.

* Así mesmo habrá de remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma de Galicia.

* Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá encontrarse a disposición do público a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

* O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na

forma referida anteriormente.

* Contra a aprobación definitiva do orzamento podrá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas dita xurisdicción.

* A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.”

Finalmente, a concelleira-delegada de Facenda, con data do 10 de xuño deste ano, eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta:

“PROPOSTA FINAL DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DO 2013 UNHA VEZ EMITIDO INFORME DE INTERVENCIÓN

O Concello-Pleno en sesión extraordinaria celebrada en data de 25 de abril de 2013, prestou aprobación inicial ao Orzamento Xeral desta Entidade, do seu Organismo Autónomo e das Sociedades Mercantís de capital integramente municipal para o actual exercicio do 2013.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, a cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 2 de maio de 2013 (BOP nº 83), comezando a súa exposición o día 3 de maio e rematando o prazo da mesma o día 22 de maio.

No citado período, e de conformidade coa certificación que se adxunta de data 30 de maio emitida polo Sr. Vicesecretario do Concello, foron presentadas polos interesados un total de 8 alegacións e reclamacións, unha emenda, e un recurso de reposición, as cales forman parte da documentación que conforma o expediente de Orzamento Xeral para o ano 2013, e que están todas e cada unha de elas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo cos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se adxuntan, dando deste xeito cumprimento o previsto no artigo 54 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En consecuencia co anterior, tendo en conta os informes que figuran no expediente referenciado como “Alegacións ao Orzamento 2013”, propónse ó Concello Pleno da

Corporación, unha vez que a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, emita o seu preceptivo ditame, a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar non admisible, a reclamación presentada polo Grupo Municipal Socialista-PSOE ao Orzamento Xeral, por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no informe de data 29 de maio de 2013 subscrito polo Asesor Xurídico-Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

2.- Declarar non admisible, o recurso de reposición presentado polo Grupo Municipal Socialista-PSOE ao Orzamento Xeral por non proceder a interposición de recurso de reposición contra a aprobación inicial do Orzamento, segundo se argumenta no informe de data 29 de maio de 2013 subscrito polo Asesor Xurídico-Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

3.- Declarar non admisible, a alegación presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego ao Orzamento Xeral, por carecer de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados, na fase de exposición ao público dos mesmos, segundo se argumenta no informe de data 29 de maio de 2013 subscrito polo Asesor Xurídico-Secretario Xeral do Pleno, e que está incorporado ó expediente.

4.- Declarar non admisible, a alegación presentada por Dona Lucía Carreira Pérez, presidenta da “Asociación Cultural Musical SOLFA”, por non corresponderse os motivos da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razona e argumenta en informe de data 23 de maio do 2013, Ref: 11/2013, subscrito pola Sra. Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto e que está incorporado ó expediente.

5.- Declarar non admisible, a alegación presentada por Dona María Jesús Calvo Tomé, presidenta da “Asociación Compostelana de nenas e nenos hiperactivas/os”, por non corresponderse os motivos da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razona e argumenta en informe de data 23 de maio do 2013, Ref: 10/2013, subscrito pola Sra. Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto, e que está incorporado ó expediente.

6.- Declarar non admisible, a alegación presentada por Dona María Martos da Silva, presidenta da “Asociación Cultural e Social Xaira”, por non corresponderse os motivos da alegación con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo se razona e argumenta en informe de data 23 de maio do 2013, Ref: 9/2013, suscrito pola Sra. Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto, e que está incorporado ó expediente.

7.- Desestimar as alegacións conxuntas formuladas e presentadas pola sección sindical CIG, CSIF, UXT, CCOO e SPPME, polos motivos e nos termos contidos no informe evacuado pola Xefatura do servizo de persoal de 27 de maio de 2013, que se incorpora ao expediente.

8.- Estimar a alegación conxunta presentada por Don Juan José Cubero Suárez, Don Jesús Noya Liste, Don Víctor Manuel Santos Paz, Don Diego Briega Argomaniz, Don Miguel Fernández Solís, Don Antonio Cervelo Pardo e Dona María Magdalena Pérez Brun, dado que como se indica no informe da Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto (Ref. 6/2013), de 22 de maio de 2013, e que está incorporado ao expediente: “ (...) Non se someteu proposta ao Concello-Pleno que adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento 2013, de anulación da modificación denominada TRANS-01 unha vez que entrase en vigor o Orzamento 2013, polo que, a sensu contrario, a dita modificación, ha de considerarse realizada sobre o Orzamento correspondente ao exercicio 2013.

Do mesmo xeito, e dado que se trata dunha modificación cualitativa (na que o total do Orzamento non se ve incrementado ou minorado), para dotar de coherencia ao Anexo e Cadro de Persoal 2013, logo de ver o cruce temporal entre a modificación ao Cadro de Persoal vixente no 2013, que era o correspondente ao 2012, e sobre o Anexo de persoal do 2012 prorrogado ao 2013, e a aprobación inicial do Cadro de Persoal e Anexo de Persoal 2013, dende esta Dirección de Área, se considera necesario realizar a corrección de erros consistente en entender incluídos no Cadro de persoal 2013, e no Anexo de Persoal 2013, os sete traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA, en consonancia co disposto no apartado 6 do artigo 21 do RD 500/1990.(...)”

Por conseguinte debe realizarse a corrección de erros e incorporarse ao cadro de persoal inicialmente aprobado xunto cos orzamentos xerais as referidas prazas co seguinte detalle, e eliminar oito prazas de administrativo de promoción interna.

PERSOAL LABORAL FIXO PROCEDENTE DA EXTINTA EMUVISSA

* 1 licenciado en Dereito. A1-20

- * 1 licenciado en Empresariais. A1-20
- * 1 arquitecto. A1-20
- * 1 enxeñeiro de Camiños. A1-20
- * 1 delineante. C1-16
- * 2 administrativos. C1-16

Asemade, deberá modificarse o Anexo de Persoal 2013, para incluír os sete traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA, e eliminar as oito prazas de administrativo -promoción interna-, en consonancia co disposto no apartado 6 do artigo 21 do RD 500/1990. A estes efectos, a modificación orzamentaria TRANS-01 tramitada e aprobada durante a prórroga dos orzamentos do ano anterior, enténdese efectuada sobre o orzamento definitivo para o exercicio a que se refire esta proposta.

9.- Estimar a alegación presentada por Don Benito González Alonso, en representación da Xunta de Compensación de Solo Urbanizable non programado (SUNP-25 ROXOS-QUINTANS), ao Orzamento Xeral Municipal para o exercicio económico do 2013, polas razón expostas no informe da Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto (Ref. 7/2013), de 22 de maio de 2013 “ (...) Polo que atíñe ao fondo da reclamación, se correspondería coa causa obxectiva ou suposto taxado enumerado no apartado 2 b) do artigo 170 do R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.(...) Polas razóns expostas anteriormente, entende a informante, que **a reclamación debería ser obxecto de estimación.(...)**”, no informe da xefa da Sección de Xestión Urbanística, de data 22 de maio de 2013, no Informe do Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, de data 22 de maio de 2013, e na Proposta da Concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, que se incorporan ao expediente.

O Orzamento non sufriría modificacións por tratarse de aumentos e minoracións na mesma aplicación orzamentaria, a 130-93301-68100.

O Anexo de Investimentos 2013, quedaría modificado, no que se refire a estes dous Proxectos, como segue:

ORG	PROG	EC	DESCRIPCIÓN	DESCRIP. DETALL.	IMP	PROXECTO	VINCULACION	FINACIAMENTO	R. PROPIOS	TOTAL	Ó. XESTOR
130	93301	68100	URBANISMO. INVESTIMENTOS BENS PATRIMONIAIS	SUN25	100.688,66	2011-2-SUN25-01	CUALITATIVA-CUANTITATIVA	100.688,66	100.688,66	100.688,66	Urbanismo. Servizo Planeamento_ Concellaría de desenvolvemento urbano sostible. Responsable Ignacio Soto.

130	93301	68100	URBANISMO. INVESTI- MENTOS BENS PATRIMO- NIAIS	SUP1	51.754,80	2012-2- SUP1-12	CUALITA- TIVA- CUANTI- TATIVA	51.754,80	51.754,80	51.754,80	Urbanismo. Servizo Planeamento_ Concellaría de desenvolem ento urbano sostible. Responsable Ignacio Soto.
-----	-------	-------	---	------	-----------	--------------------	--	-----------	-----------	-----------	--

Os restantes Proxectos do Anexo de Investimentos non sufrirían modificacións.

10.- Estimar a alegación presentada por Dona María Moreno Berguer ao Orzamento Xeral Municipal para o exercicio económico do 2013, polas razón expostas no informe da Directora da Área de Facenda, Contratación e Control do gasto (Ref. 8/2013), de 23 de maio de 2013, que se incorpora ao expediente, e proceder á corrección de erros segundo o establecido na Proposta da Concelleira delegada de Persoal:

Incluír no Cadro de Persoal 2013 e o Anexo de Persoal 2013 os seguintes postos:

XEFE DE SERVIZO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADANA, CO CÓDIGO NA RPT 7100F1128

XEFE DE SERVIZO DE FOMENTO E PROMOCIÓN ECONÓMICA CO CÓDIGO NA RPT 3100F1128

ARQUITECTO DA ÁREA DE URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS CO CÓDIGO DA RPT 4510F2124

Asemade, reflexar no Anexo de Persoal, o traslado da traballadora María Jesús Iglesias Botana, auxiliar administrativo de administración xeral, que ata o vinte e seis de febreiro de 2013 desempeñaba as tarefas administrativas na Concellería de Medio Rural, á súa Concellería de orixe, en concreto na Secretaría Xeral.

No cadro de persoal debe suprimirse a seguinte praza: * 1 Técnico Superior (Director da Área de Urbanismo e Infraestruturas) Grupo A1.Nivel titulación: Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou Equivalente (A amortizar).A razón é que a dita praza xa se amortizou no cadro de persoal 2012 engadíndose no apartado de persoal directivo do artigo 130.1 da LBRL.

Proponse ao Concello Pleno da Corporación, a corrección dos ditos erros, tendo en conta que a diferenza na consignación orzamentaria que figuraba no Anexo de Persoal anterior, e a que figura no novo Anexo de Persoal 2013 corrixido, ascende á contía de 2.019,97 euros en negativo. Para evitar diferenzas cuantitativas dentro do Capítulo 1 se deberá minorar a

aplicación orzamentaria 100 92000 12103 “Administración Xeral. Creación dun Fondo de Adecuación” polo mesmo importe e así corrixir os erros no Anexo de Persoal 2013 e Cadro de Persoal 2013 que se adxuntan como Anexos á Proposta da Concelleira Delegada de Persoal.

Visto o Informe de Intervención de data 7 de xuño de 2013, recibido nesta Concellería o 10 de xuño de 2013, se procede a incorporar no expediente Informe da xefa do servizo de persoal.

11.- Se procede así mesmo, visto o Informe de Intervención á inclusión do detalle das dotacións económicas das aplicación orzamentarias afectadas polas modificacións que se propoñen do Anexo de Persoal, con identificación das mesmas mediante a expresión do seu código e denominación, o detalle do crédito aprobado inicialmente, o importe que se modifica á alza ou á baixa, e o crédito que finalmente resulta das ditas modificacións:

CÓDIGO APLICACIÓN ORZAMENTARIA			DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO FINAL
010	91200	12006	ÓRGANOS DE GOBERNO. RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS	28.082,88	-8.036,68	20.046,20
010	91200	12010	ÓRGANOS DE GOBERNO. RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	157.208,36	-42.912,34	114.296,02
010	91200	12100	ÓRGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO DE DESTINO DE FUNCIONARIOS	84.889,08	-21.686,49	63.202,59
010	91200	12101	ÓRGANOS DE GOBERNO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO DE FUNCIONARIOS	202.864,56	-50.503,29	152.361,27
010	91200	16000	ÓRGANOS GOBERNO.S.SOCIAL FUNC.CARGOS ELECTOS E EVENTUAIS	437.408,16	-21.301,48	416.106,68
TOTAL ÓRGANOS DE GOBERNO				910.453,04	-144.440,28	766.012,76
080	45400	12006	MEDIO RURAL.RETRIBUCIÓN BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS.	8.098,32	-1.253,00	6.845,32
080	45400	12010	MEDIO RURAL.RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	40.648,78	-9.797,90	30.850,88
080	45400	12100	MEDIO RURAL.COMPLEMENTO DE DESTINO.FUNCIONARIOS	18.925,44	-3.499,30	15.426,14
080	45400	12101	MEDIO RURAL.COMPLEMENTO ESPECÍFICO. FUNCIONARIOS	41.245,56	-7.272,20	33.973,36

CÓDIGO APLICACIÓN ORZAMENTARIA			DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO FINAL
080	45400	16000	MEDIO RURAL. SEGURIDADE SOCIAL.	31.001,16	-6.804,96	24.196,20
TOTAL MEDIO RURAL				139.919,26	-28.627,36	111.291,90
090	13200	12006	SEGURIDADE E ORDE PÚBL. RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS	263.642,88	0,00	263.642,88
090	13200	12010	SEGURIDADE E ORDE PÚBL. RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	2.115.339,46	-8.700,65	2.106.638,81
090	13200	12100	SEGURIDADE E ORDE PÚBL.COMPLEMENTO DE DESTINO DE FUNCIONARIOS	816.688,20	-2.981,40	813.706,80
090	13200	12101	SEGURIDADE E ORDE PÚBL.COMPLEMENTO ESPECÍFICO DE FUNCIONARIOS	1.952.383,20	-7.286,22	1.945.096,98
090	13200	15000	SEGURIDADE E ORDE PÚBL.COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE FUNCIONARIOS	4.183,80	0,00	4.183,80
090	13200	16000	SEGURIDADE E ORDE PÚBL.S.SOCIAL FUNCIONARIOS E LABORAIS FIXOS	1.641.519,72	-5.293,31	1.636.226,41
090	13200	16400	SEGURIDADE E ORDE PÚBL.COMPLEMENTO FAMILIAR DE PERSOAL FUNCIONARIO	9.600,00	0,00	9.600,00
TOTAL SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO				6.803.357,26	-24.261,58	6.779.095,68
090	13300	12006	ORDENACIÓN DO TRÁFICO. RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS	13.306,68	2.502,13	15.808,81
090	13300	12010	ORDENACIÓN DO TRÁFICO. RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	74.953,92	13.257,25	88.211,17
090	13300	12100	ORDENACIÓN DO TRÁFICO.COMPLEMENTO DE DESTINO DE FUNCIONARIOS	31.255,80	6.104,27	37.360,07
090	13300	12101	ORDENACIÓN DO TRÁFICO.COMPLEMENTO ESPECÍFICO DE FUNCIONARIOS	73.455,96	16.776,83	90.232,79
090	13300	16000	ORDENACIÓN DO TRÁFICO. S.SOCIAL FUNCIONARIOS E LABORAIS FIXOS	67.762,56	8.035,21	75.797,77
TOTAL TRÁFICO				260.734,92	46.675,69	307.410,61
100	92000	12006	ADMÓN XERAL. RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS.	98.407,08	1.253,00	99.660,08
100	92000	12010	ADMÓN XERAL. RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	850.505,62	-86.486,10	764.019,52

CÓDIGO APLICACIÓN ORZAMENTARIA			DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO FINAL
100	92000	12100	ADMÓN XERAL.COMPLEMENTO DESTINO FUNCIONARIOS	350.436,58	-34.400,54	316.036,04
100	92000	12101	ADMÓN XERAL.COMPLEMENTO ESPECÍFICO DE FUNCIONARIOS	830.032,97	-72.764,92	757.268,05
100	92000	13000	ADMÓN. XERAL. RETRIBUCIÓN BÁSICAS PERSOAL LABORAL FIXO	120.259,70	115.731,50	235.991,20
100	92000	13002	ADMÓN. XERAL. RETRIB. COMPLEMENTARIAS PERSOAL LABORAL FIXO	126.365,52	106.358,52	232.724,04
100	92000	16000	ADMÓN. XERAL. S. SOCIAL FUNC. LABORAIS FIXOS E TEMPORAIS	749.811,57	20.861,40	770.672,97
100	92000	16400	ADMÓN. XERAL.COMPLEMENTO FAMILIAR DE PERSOAL FUNCIONARIO	2.400,00	0,00	2.400,00
TOTAL ADMINISTRACIÓN XERAL				3.128.219,04	50.552,86	3.178.771,90
110	43300	12006	PROMOCIÓN ECONÓMICA.RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS.	2.047,20	2.957,07	5.004,27
110	43300	12010	PROMOCIÓN ECONÓMICA.RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	34.943,96	15.008,69	49.952,65
110	43300	12100	PROMOCIÓN ECONÓMICA.COMPLEMENTO DE DESTINO.FUNCIONARIOS	12.236,16	8.395,83	20.631,99
110	43300	12101	PROMOCIÓN ECONÓMICA.COMPLEMENTO ESPECÍFICO.FUNCIONARIOS	32.041,68	19.827,17	51.868,85
110	43300	16000	PROMOCIÓN ECONÓMICA.S.SOCIAL FUNC.E LABORAIS FIXOS E TEMPOR	51.482,64	7.481,75	58.964,39
TOTAL PROMOCIÓN ECONÓMICA				132.751,64	53.670,51	186.422,15
130	15900	12006	VIVENDA E URBANISMO.RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS. TRIENIOS.	78.719,40	2.577,48	81.296,88
130	15900	12010	VIVENDA E URBANISMO.RETRIBUCIÓN BÁSICAS DE FUNCIONARIOS	575.083,80	14.646,40	589.730,20
130	15900	12100	VIVENDA E URBANISMO.COMPLEMENTO DE DESTINO.	238.975,20	7.186,39	246.161,59
130	15900	12101	VIVENDA E URBANISMO.COMPLEMENTO ESPECÍFICO.	595.870,56	16.586,88	612.457,44
130	15900	16000	VIVENDA E URBANISMO.S.SOCIAL FUNCIONARIOS E LABORAIS FIXOS	399.048,84	7.452,98	406.501,82
TOTAL VIVENDA E URBANISMO				1.887.697,80	48.450,13	1.936.147,93

CÓDIGO APLICACIÓN ORZAMENTARIA			DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO FINAL
100	92000	12103	ADMÓN XERAL. CREACIÓN FONDO ADECUACIÓN	73.000,00	-2.019,97	70.980,03
TOTAL FONDO DE ADECUACIÓN				73.000,00	-2.019,97	70.980,03
TOTAL XERAL				13.336.132,96	0,00	13.336.132,96

Como se pode apreciar, se trata de modificacións que non afectan ao total do Capítulo 1-Gastos de Persoal.

12.- Proceder á corrección dos seguintes erros na codificación de aplicacións presupostarias e duplicidades.

Detectáronse no Informe de Intervención os erros que a continuación se indican en códigos de aplicacións presupostarias e noutros casos duplicidades:

a) No programa de gastos de débeda pública, onde di "11000", debe dicir "01100".

b) As aplicacións que a continuación se indican e cuxas dotacións están destinadas a gastos de distinta natureza deben ser obxecto de corrección no código asignado por canto que aparecen duplicadas:

	CODIGO	DENOMINACION	IMPORTE
	100.92000.12103	Administración Xeral. Outros complementos funcionarios	6.160,00
c)	100.92000.12103	Administración Xeral. Creación dun fondo de adecuación	73.000,00
Med	CODIGO	DENOMINACION	IMPORTE
iant			
e	130.93301.68100	Xestión patrimonio. Gastos en investimentos de bens patrimoniais. Terreos e bens naturais	2.889.999,75
mod	130.93301.68100	Xestión patrimonio. Gastos en investimentos de bens patrimoniais. Edificios e outras construcións	164.277,56

presupostaria número 2013-CTO.EXTRAOR-09, tramitada e aprobada polo Pleno da Corporación durante a prórroga dotáronse créditos extraordinarios para recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de SERMASA, S.A., por importe de 677.412,91 euros, co seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE EXTRAORDINARIO	CTO.
020-32100-22710	R.EX.Fact.2012 SERMASA	628.313,43 euros	

020—32102-22710	limpeza colegios		
	R.EX.Fact.2012	SERMASA	49.099,48 euros.
	limpeza E. infantis		
	TOTAL		677.412,91 euros

No proxecto de presuposto que se propón nos seus créditos iniciais dótase para tal fin unha única aplicación presupostaria: 020.32101.22790 polo importe total de 677.412,91 euros. Na modificación orzamentaria non se tivo en conta o establecido no Proxecto de Orzamentos.

O Proxecto de Orzamentos é anterior á dita modificación e na mesma non se respetou a partida establecida, polo que, para solventar a discrepancia deberá procederse á correspondente corrección, na medida que o presuposto para o exercicio recolla as operacións realizadas durante a prórroga.

13.- Proceder á creación das seguintes aplicacións presupostarias ás que se imputaron gastos durante a prórroga non contempladas no presuposto para o exercicio por ter carácter posterior no tempo:

A estrutura do presuposto que se propón para o exercicio non inclúe as aplicacións presupostarias que se indican a continuación que se foron obxecto de incorporación polo Decreto de prórroga do presuposto do exercicio 2012 e ás cales se imputaron gastos con posterioridade á elaboración do proxecto de orzamentos, de acordo coa natureza económica e funcional destes:

* Aplicación presupostaria: 090.44100.22690 (Transportes. Outros gastos diversos”). Imputáronse gastos de tarxetas pensionistas durante o período de prórroga por importe de 1.929,15 euros.

* Aplicación presupostaria:

1. 030.93400.35901 (Outros Xuros. Outros gastos financeiros”): 143,75 euros.

2. 030.93400.35900 (“Xuros a particulares. Outros gastos financeiros”): 1.405,47 euros.

Proceder á minoración da aplicación orzamentaria 030/93900/22711 polo mesmo importe, para dar cabida á modificación anterior.

14.- Proceder á minoración da aplicación orzamentaria 030/93900/22711 por importe de 30.000 euros, e incrementar a aplicación orzamentaria 120/33800/22698 polo mesmo importe, deixando constancia de que esta modificación non produce prexuízo algún a intereses de terceiros.

15.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2013, integrado por:

- * Orzamento da Entidade local.
- * Orzamento do OO.AA. “Auditorio de Galicia”.
- * Estados de previsión de ingresos e gastos da Sociedade municipal INCOLSA.
- * Estados de previsión de ingresos e gastos da sociedade municipal TUSSA.

16.- Aceptar a emenda presentada pola concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, no rexistro xeral, con data 21 de maio de 2013, con entrada nº 26606, tal e como consta na certificación do vicesecretario, en relación ao ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas de 19 de abril de 2013, tendo en conta o Informe favorable do Secretario Xeral do Pleno e Asesor Xurídico da Corporación que se incorpora ao expediente, e proceder a incorporar a modificación proposta. En consecuencia, a Base de Execución nº 34, quedaría redactada como segue:

“Artigo 34. Procedementos de contratación.

A competencia para a tramitación dos expedientes de contratación a ostenta o Departamento de Contratación e Servizos previa proposta do Concelleiro/a delegado por razón da materia.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece como procedementos especiais polo límite cuantitativo da contratación, os seguintes:

A. Procedemento negociado

Os límites cuantitativos do procedemento negociado, contemplados no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, son os seguintes:

A.1 Con publicidade no perfil de contratista o boletíns oficiais

- a) Para obras superior a 200.000€ e inferior a 1.000.000€
- b) Para suministros superior a 60.000€ e inferior a 100.000€
- c) Para servizos superior a 60.000€ e inferior a 100.000€

A.2 Sen publicidade con solicitude de alomenos tres ofertas

- | | |
|------------------------------|-------------------|
| a) En obras | ata 200.000 euros |
| b) En suministros e servizos | ata 60.000 euros |

B. Contratos menores

A tramitación dos contratos menores a que se refiren os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público levarase a cabo con suxección á observancia das seguintes esixencias:

- 1.- Os requisitos do artigo 111 do TRLCSP.
- 2.- Que a contía por obxecto e ano, non exceda das sinaladas no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- 3.- A competencia do órgano de contratación, a capacidade de obrar e contratar do contratista adxudicatario (artigos 54,57 e 72 TRLCSP), a determinación do obxecto do contrato, a fixación do prezo e a existencia de crédito presupostario.
- 4.- A incorporación ao expediente dunha declaración xurada do adxudicatario de non estar incurso nas prohibicións para contratar do artigo 60 do TRLCSP.

Os citados contratos non poden ter unha duración superior ao ano corrente, nin ser obxecto de prórroga, nin de revisión de prezos.

Os límites son os seguintes:

- | | |
|---------------------|-------------------------|
| a) Para obras | inferior a 50.000 euros |
| b) Outros contratos | inferior a 18.000 euros |

En ditos importes non se atopa incluído o IVE.

Os trámites para a súa autorización e disposición así como o órgano competente para elo son os sinalados na **base 20ª de execución do orzamento**.

O recoñecemento da obrigas será competencia da Concelleira delegada de Facenda.

A tramitación dos contratos menores efectuarase polo servizo xestor. O expediente conterá a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva subscrita polo servizo técnico co visto bo o conforme do Órgano de Contratación que xustificará a necesidade e oportunidade do gasto.
- Se se trata dun contrato de obras, ademais, o orzamento das obras e o estudo básico de seguridade e saúde.
- Proposta de adxudicación motivada a unha delas.

- Para a contratación de novos equipamentos que supoñan a prestación dun novo servizo ou a ampliación substancial dun xa existente, deberá incorporarse unha memoria valorada do custe de prestación do servizo ou ampliación.”

17.- Proceder á corrección de erros segundo á proposta presentada pola Concelleira delegada de Normalización Lingüística: “Que, de acordo co artigo 105.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, se corrixa o devandito erro e se asigne a xestión do gasto “Outras transferencias nominativas. Rec. Extr., 42.500 € á área de Cultura, coa conseguinte modificación na súa clasificación orgánica”, polas razón expostas na dita proposta.

Se minorará a aplicación orzamentaria 020/33400/47900 por importe de 42.500 euros, e se incrementará a aplicación orzamentaria 050/33400/47900 polo mesmo importe. Se recollerá este importe na Base de Execución nº28 que regula as subvencións nominativas.

18.- Modificar a Base de Execución do Orzamento (artigo 20.2), para engadir como persoas encargadas, no seu caso, de dar conformidade ás facturas aos Directores de Área.

19.- Aprobar as bases de execución que serán de aplicación a Entidade Local e o seu Organismo Autónomo.

20.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

21.- As modificacións orzamentarias tramitadas e aprobadas durante a prórroga dos orzamentos do ano anterior, enténdense efectuadas sobre o orzamento definitivo para o exercicio a que se refire esta proposta, agás as que se consideren incluídas nos créditos iniciais do Orzamento correspondente ao exercicio 2013, cuxos créditos deberán anularse para evitar duplicidades.

Isto por aplicación do disposto no apartado 6 do artigo 21 do RD 500/1990 que establece que “O orzamento definitivo se aprobará con efectos de 1 de xaneiro, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado se entenderán feitas sobre o orzamento definitivo, salvo que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións ou axustes se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse os mesmos”.

Polo tanto, as modificacións realizadas sobre o orzamento prorrogado, que se atopan xa incluídas no Orzamento definitivo deberán ser obxecto de anulación.

No Informe de Intervención se concretan as seguintes, debendo acceder nesta proposta ao informado, o cal se transcribe literalmente para que sexa obxecto de acordo:

“(...)

PROGRAMA	PARTIDA	XENERADO	ORZAMENTO	DIFERENCIAS
2012-3-COP01-12	140-24100-13100	3.571,41	2.322,00	-1.249,41
	140-24100-16000	914,40	783,69	-130,71
15/02/2013	TOTAL	4.485,81	3.105,69	-1.380,12
2012-3-COP02-12	140-23900-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	140-23900-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
2012-3-COP03-12	140-24100-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	140-24100-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
2012-3-COP04-12	040-34900-13100	9.470,86	7.869,00	-1.601,86
	040-34900-16000	3.028,78	2.665,74	-363,04
05/11/2013	TOTAL	12.499,64	10.534,74	-1.964,90
2012-3-COP05-12	120-92402-13100	18.941,72	15.738,00	-3.203,72
	120-92402-16000	6.057,56	5.311,48	-746,08
05/11/2013	TOTAL	24.999,28	21.049,48	-3.949,80
TOTAL EXPTE 2013-XENER-03		91.983,29	76.788,87	-15.194,42
2013-3-CEMIT-13	140-24100-13100	14.254,05	25.570,48	11.316,43
	140-24100-16000	4.575,61	8.208,24	3.632,63
31/12/2013	TOTAL	18.829,66	33.778,72	14.949,06
TOTAL EXPTE 2013-XENER-05		18.829,66	33.778,72	14.949,06

Debe quedar reflectida na proposta ao Pleno e posterior acordo que estas modificacións presupostarias -nas cales se aprecian diferenzas respecto do presupostado-, se entenderán comprendidas nos créditos iniciais do presuposto para o exercicio ata o importe coincidente entre o xerado e o consignado naquel, procedendo, polo tanto, á anulación parcial de tales modificacións polo importe coincidente á entrada en vigor do devandito presuposto para o exercicio (...).”

Deberá polo tanto procederse á anulación parcial polo importe que se entenda incluído nos créditos iniciais do Orzamento 2013.

(...) por outra parte débese deixar constancia de que a diferenza en máis do importe das xeracións tramitadas durante a prórroga sobre os créditos iniciais do repetido presuposto

que haxa de rexer durante o ano 2013 se considerarán efectuadas sobre aqueles, incrementándoos na diferenza que corresponda en cada caso (...)"

22.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran.

23.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, se remitirá copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ó que se refire o apartado anterior.

24.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma previsto no artigo precitado e surtirá efectos dende o un de xaneiro.

25.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal."

Con data de entrada no rexistro xeral do día 19 deste mes, o grupo municipal do BNG presenta unha emenda que incide nas bases de execución e en determinadas modificacións puntuais que supoñen unha minoración de diferentes partidas de gasto por importe de 1550461,98 euros, á parte doutras consideracións.

Dona Cecilia Sierra intervén en primeiro lugar, e explica que na sesión plenaria extraordinaria celebrada en data de 25 de abril de 2013 aprobouse inicialmente o Orzamento Xeral do Concello, do seu Organismo Autónomo e das Sociedades Mercantís de capital íntegramente municipal para o actual exercicio do 2013.

O total do orzamento consolidado ascende a 99,37 millóns de euros no estado de ingresos, e de 95,84 no de gastos.

O expediente someteuse a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, comezando a súa exposición o día 3 de maio e finalizando o día 22 de maio. Neste período foron presentadas polos interesados un total de oito alegacións e reclamacións, unha emenda e un recurso de reposición, información ésta que forma parte da documentación que conforma o expediente do orzamento xeral para o ano 2013.

A proposta ao pleno de resolución de alegacións é a seguinte:

Declarar non admisible, a reclamación presentada polo Grupo Municipal Socialista-PSOE e o grupo municipal do Bloque, por carecer ambos de lexitimación para presentar reclamacións contra os orzamentos inicialmente aprobados na fase de exposición ao público dos mesmos.

Declarar non admisible o recurso de reposición presentado polo Grupo Municipal Socialista-PSOE ao Orzamento Xeral por non proceder a interposición de recurso de reposición contra a aprobación inicial do Orzamento.

Declarar non admisibles as alegacións presentadas por Dona Lucía Carreira Pérez, presidenta da “Asociación Cultural Musical SOLFA”, por Dona María Jesús Calvo Tomé, presidenta da “Asociación Compostelá de nenas e nenos hiperactivas/os” e por Dona María Martos da Silva, presidenta da “Asociación Cultural e Social Xaira”, por non corresponderse os motivos das alegacións con ningunha das causas obxectivas enumeradas no apartado segundo do artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Desestimar as alegacións conxuntas formuladas e presentadas polas seccións sindicais CIG, CSIF, UXT, CCOO e SPPME, polos motivos contidos no informe evacuado pola Xefatura do servizo de persoal.

Estimar a alegación conxunta presentada por Don Juan José Cubero Suárez, Don Jesús Noya Liste, Don Víctor Manuel Santos Paz, Don Diego Briega Argomaniz, Don Miguel Fernández Solís, Don Antonio Cervelo Pardo e Dona María Magdalena Pérez Brun, dado que non se someteu proposta ao pleno que adoptou o acordo de aprobación inicial do orzamento de 2013, de anulación da modificación denominada TRANS-01, unha vez que entrase en vigor o Orzamento 2013, polo que, a sensu contrario, dita modificación ha de considerarse realizada sobre o Orzamento correspondente ao exercicio 2013.

Non obstante, considérase necesario realizar unha corrección de erros formal, consistente en entender incluídos na plantilla do ano 2013, e no anexo de persoal do ano 2013 aos sete traballadores procedentes da extinta empresa municipal EMUVISSA.

Estimar a alegación presentada por Don Benito González Alonso, en representación da Xunta de Compensación de Solo Urbanizable non programado (SUNP-25 ROXOS-QUINTANS), dado que se correspondería coa causa obxectiva ou suposto taxado enumerado no apartado 2 b) do artigo 170 do R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Desta forma dase cobertura orzamentaria total ás cuotas números 5 e 6 do SUNP-25 con motivo do incremento do 3% do IVE pasando do 18 ao 21%.

O orzamento neste sentido non sufriría modificacións, por tratarse de aumentos e minoracións na mesma partida de aplicación orzamentaria, é dicir a 130-93301-68100.

Estimar a alegación presentada por Dona María Moreno Berguer ao Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2013, e incluír na plantilla de 2013 e o anexo de persoal os postos:

XEFACTURA DE SERVIZO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADANA.
XEFACTURA DE SERVIZO DE FOMENTO E PROMOCIÓN ECONÓMICA.
ARQUITECTO DA ÁREA DE URBANISMO E INFRAESTRUCTURAS.

Ademais, reflexar no Anexo de Persoal o traslado da traballadora María Jesús Iglesias Botana, auxiliar administrativo de administración xeral, que ata o vinte e seis de febreiro de 2013 desempeñaba as tarefas administrativas na Concellería de Medio Rural, e trasladala a súa Concellería de orixe, en concreto na Secretaría Xeral.

As diferenzas nas consignacións orzamentarias que figuraban no Anexo de Persoal deberanse minorar na aplicación orzamentaria 100 92000 12103 polo importe estimado.

Tamén se corríxen erros na codificación de aplicacións orzamentarias e duplicidades, sobre todo como consecuencia de estar en orzamento prorrogado.

Igualmente se crean aplicacións orzamentarias nas que se imputaron gastos durante a prórroga, non contempladas no orzamento para o exercicio, por ter carácter posterior no tempo e procédese á minoración da aplicación orzamentaria 030/93900/22701 por ditos importes, para dar cabida ás modificacións anteriores.

Proceder á modificación da aplicación orzamentaria 030/93900/22711 en detrimento de “estudos e traballos técnicos correspondentes á concellaría de facenda” por importe de 30.000 euros, e incrementar a aplicación orzamentaria 120/33800/22698 correspondente a festas, deixando constancia de que esta modificación non produce prexuízo algún a intereses de terceiros.

Aceptar a emenda presentada pola concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, en relación ao ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas de 19 de abril de 2013, tendo en conta o Informe favorable do Secretario Xeral do Pleno e Asesor Xurídico da Corporación que se incorpora ao expediente, e proceder a incorporar a modificación proposta en relación aos contratos menores, adaptándose así plenamente aos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Proceder á corrección de erros, vista a proposta presentada pola Concelleira delegada de Normalización Lingüística, en relación a unha subvención que pasaría de normalización lingüística a cultura.

Modificar a Base de Execución do Orzamento (artigo 20.2), para engadir como persoas encargadas, no seu caso, de dar conformidade ás facturas aos Directores de Área.

Aprobar definitivamente o orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2013, integrado por orzamento da entidade local, o orzamento do Auditorio de Galicia, os estados de previsión de ingresos e gastos de INCOLSA, e estados de previsión de ingresos e gastos da sociedade TUSSA.

Aprobar as bases de execución que serán de aplicación a Entidade Local, é dicir ao Concello, e o seu Organismo Autónomo.

Aprobar o cadro de persoal da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

Neste caso as modificacións realizadas sobre o orzamento prorrogado, que se atopan xa incluídas no orzamento definitivo, deberán ser obxecto de anulación.

Por último en cumprimento, do preceptuado no artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o orzamento xeral definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran.

Intervén a seguir Don Rubén Cela, que en primeiro lugar fai referencia á non aceptación das alegacións plantexadas polo grupo municipal do BNG, polo feito de estar asinadas por un concelleiro en calidade de portavoz dun dos grupos políticos con representación nesta corporación.

Este feito prodúcelle sorpresa e indignación, sorpresa, porque dende o grupo municipal do BNG se fixo a consulta verbal a respecto da posibilidade de subscribir estas alegacións en representación do seu grupo político, ao que se lles respondeu, se non houbo mal entendido, de xeito afirmativo. Dende logo, o goberno municipal pode ter por seguro que o BNG non plantexaría as alegacións como grupo político se tivera a máis mínima sospeita de que ese puidera ser motivo de non aceptación das mesmas.

En calquera caso, o BNG entende que os concelleiros e concelleiras desta corporación, en representación dos seus respectivos grupos, poden presentar as alegacións que estimen oportunas, e que ningunha normativa di o contrario.

Engade o concelleiro que o señor secretario fai referencia no seu informe ao artigo 170.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, onde se indica o que se entende por interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos ou veciñais cando actúen en defensa dos que lles son propios.

É evidente que ningún deses puntos exclúe expresamente aos partidos políticos, e dende o punto de vista do Sr. Cela, as organizacións políticas son entre outras cousas, entidades legalmente constituídas para velar polos intereses económicos ou veciñais, polo que estarían perfectamente recollidas nese epígrafe c).

Engade o sr. Cela que o Tribunal Constitucional está farto de repetir que o concelleiro pola súa condición de membro do Concello, para o que é elixido mediante sufraxio universal, libre e segredo dos veciños, está lexitimado para impugnar actuacións da corporación local á que pertence, polo interese concreto que ostenta no correcto funcionamento de dita corporación, en virtude do seu mandato representativo.

Baséase o Concello en que os grupos políticos da corporación poden alegar na fase previa á aprobación inicial, o que se podería facer se o goberno municipal o facilitara, pois lembra que se entregaron os orzamentos, por certo incompletos, o día 16 de abril, a Comisión foi o día 19 de abril, e o pleno o día 24.

No peor dos casos poderíase dicir que o artigo mencionado con anterioridade é interpretable. De feito, as cidades de Ferrol e A Coruña, ámbalas dúas gobernadas polo Partido Popular, aplican distinto criterio.

Na de Ferrol, como se pode ver na documentación que o concelleiro aporta, nada máis e nada menos que presentan alegacións o grupo municipal socialista do Concello de Ferrol, o grupo municipal de esquerda unida, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, e incluso o grupo municipal do Partido Popular, partido que goberna con maioría absoluta . O mesmo sucede na cidade de Coruña, onde tamén se constata que os grupos políticos plantexan alegacións como tales no período de exposición pública dos seus orzamentos municipais. Polo tanto, é evidente que a interpretación que se fai non é a única posible.

Mantén o concelleiro que coa exclusión das alegacións plantexadas en tempo e forma polo BNG, estase a vulnerar un dereito básico que teñen como representantes dos cidadáns e mesmamente como un cidadán máis, e o interese en non acepta-lo seu debate a todas luces persegue que o señor interventor non teña que informalas.

Se non se rexeitaran estas alegacións por cuestión de forma, e houbera hoxe un informe de intervención sobre as mesmas, estaríamos nunha sesión radicalmente distinta, porque todos os concelleiros saben hoxe que se vai aprobar un orzamento con graves irregularidades, e porque saberíamos se a xuízo da intervención deste concello é correcto, por exemplo, orzamentar en concepto de estatuto de capitalidade 2,7 millóns cando a Xunta ten orzamentados para tal efecto 2,29, e se iso é ou non é un xeito de inflar artificialmente o capítulo de ingresos.

Tamén saberíamos se é admisible que a conta 413 -acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento-, cun saldo acreedor por importe de 1.600.000 euros, non apareza consignada na súa totalidade no estado de gastos do presente orzamento, sendo imprescindible a dotación de créditos polo importe total da mesma, xa que son obrigas que se deberán satisfacer contra o orzamento municipal.

Nese mesmo sentido, ó concelleiro teríalle gustado moito ver por escrito a opinión de intervención respecto ao feito de que a partida “pagos realizados pendentes de aplicación orzamentaria” non teña consignación axeitada no orzamento de 2013, polo que non consta consignación suficiente para facer efectivos os pagos do Concello procedentes das obrigas da empresa EMUVISSA. Engade o sr. Cela que dende o punto de vista do BNG é evidente que esta é a causa última de que non se admitiran a trámite as súas alegacións, porque de terse admitido quedaría patente que estes desaxustes implican un incremento do gasto non financeiro, que podería facer entrar en contradición a presente proposta de orzamentos co plan de axuste, e coa regra de gasto que se implanta nesta anualidade, e polo tanto, botar por terra a proposta de orzamentos do Partido Popular.

Haberá pois que recorrer ao artigo 122 da Lei de grandes cidades para requirir eses informes, reservándose o BNG o dereito a emprender as accións que estimen oportunas a partir de aí.

Ditamínase que os grupos municipais non teñen lexitimidade para facer emendas no período de exposición pública, ao tempo que o grupo de goberno introduce unha emenda para que se cambie unha base de execución, o que é contraditorio, porque non se explica como se os grupos non están lexitimados para facer emendas, o grupo de goberno si o está, e como é que se acepta unha emenda que emenda outra da que nin sequera se acepta a presentación.

A asesoría xurídica informa que non están lexitimados os grupos, nin os concelleiros, pero a proposta da concelleira de facenda inclúe as modificacións feitas polo seu grupo ou polos concelleiros do seu grupo.

Por outra banda, a directora de área informa que aínda que lexítimas, son inadmisibles as alegacións presentadas por asociacións locais reclamando a súa incorporación ou reincorporación como destinatarias das subvencións nominativas, e sen xustificación motivada establece que a alegación non entra nos supostos taxados pola norma; é dicir, négase que se poida acoller ao suposto de, e lee textualmente: “por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixiblesáa entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”. Se é lexítimo que o concello contribúa á financiación das actividades de determinadas asociacións, e se foi lexítimo que se subvencionara a determinadas asociacións con cargo aos orzamentos de 2012, pregúntase o concelleiro por qué non o é que aspiren tamén a selo no 2013. Non se xustifica esa inadmisibilidade da alegación porque o único obvio é que se trata de facer valer unicamente os votos do grupo de goberno, e coas menos molestias posibles, nin sequera a de argumentar.

Trátase, en definitiva, dun veto ao exercicio democrático de presentar alegacións aos orzamentos municipais, incluídas tamén as formuladas conxuntamente por todos os representantes dos traballadores e traballadoras deste concello.

En segundo termo, afirma o concelleiro que o goberno municipal non ten palabra, e unha vez máis amosa con feitos a pouca credibilidade que teñen os seus compromisos. A Sra. Sierra debería lembrar o que aconteceu na Comisión Infomativa á que se levou a proposta inicial do orzamento. Aquel día aprobouse unha proposta do BNG relativa á modificación da base núm. 28 de execución do orzamento de 2012 que o goberno presentaba, pero aquela emenda afectada non se incorporou á aprobación inicial porque segundo dixo a Sra. Sierra, non era posible técnicamente facelo, aínda que se comprometeu a incorporala mediante unha alegación para que aparecese recollida na aprobación definitiva do orzamento. Sen embargo, esa emenda nunca chegou a aparecer, incumpríndose así aquel acordo da Comisión de facenda. Sorprendentemente, o que si aparece é unha emenda da señora Pardo en sentido radicalmente contrario ao acordado por unanimidade naquela comisión de facenda. Esa modificación pode ser legal, pero dende logo, baixo o seu punto de vista, non é oportuna cando o goberno dispón dunha maioría tremendamente deslexitimada, pola sombra que acompaña moitos dos procedementos administrativos.

Na actual situación derivada de indicios de delito en moitos membros do grupo de goberno municipal, sobre os que pesan imputacións por presunta malversación de fondos, soborno, tráfico de influencias e falsidade documental, o sr. Cela considera que a transparencia debería ser un pilar básico na actuación futura, e que o camiño debера ser

o inverso, e ir máis alá do que esixe a lei de contratos do Estado. Se se actúa segundo a norma europea, pódense pedir tres orzamentos para contratos menores a partir dunha determinada cantidade e tamén se poden publicar no perfil do contratante todos os procedementos negociados sen publicidade, con independencia de que non sexa imprescindible.

E por certo, tamén en aras desa transparencia, tiña solicitado o concelleiro formalmente que se publicase a proposta de orzamentos na web municipal durante o período de alegacións, para que calquera veciño interesado puidera acceder a ela con facilidade, ao igual que a publicación destas actas das sesións plenarias, como viña acontecendo ata o de agora. Sobre todo, pediu que o sr. interventor informe a proposta definitiva de aprobación do orzamento, achegada onte mércores día 19, pois xa pasou durante a aprobación inicial dos orzamentos de 2013, e volve a pasar coa aprobación definitiva, que vai á comisión informativa unha proposta que non recolle o que o informe de intervención reclama, e despois de pasada a comisión faise unha nova proposta tratando de adaptarse ás obrigas que sinala o informe. Non obstante, non hai informe sobre a proposta definitiva, e en resumidas contas, só se fan patentes dificultades engadidas para os grupos da oposición, e facilidades para que o grupo de goberno eluda os controis imprescindibles.

Don Francisco Reyes Santiás toma o uso da palabra a continuación, e comeza lembrando que no pasado mes de marzo, no pleno extraordinario no que se debateu e votou a aprobación inicial dos orzamentos para o 2013, o grupo socialista solicitou a entrega dos paquetes de decisión sobre os que estaba baseado o orzamento en base 0, á vista da explicación que se daba na memoria dos orzamentos do 2013. Pasados case dous meses, aínda non teñen a copia demandada, polo que reiteran a solicitud.

A seguir, expresa a súa disconformidade coa non aceptación das alegacións e mesmo do recurso de reposición presentado polo grupo do PSdeG-PSOE, e disinte na motivación da mesma. Con respecto ó recurso de reposición, di que se se fai unha interpretación restritiva do artigo 171 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e que a verdade é que para o cumprimento ao mesmo tempo do artigo 116 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e polo tanto, para cumprir co dereito á tutela xudicial recollida no artigo 24 do noso texto constitucional, non habería outra posibilidade que a de presentar o recurso de reposición no momento da aprobación inicial. De calquera forma, o artigo 110 da Lei de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común di claramente que é irrelevante como os administrados cualifiquen os seus recursos ou as súas reclamacións, pois o importante é que se estea a cumprir neste caso o artigo 169 da Lei Reguladora de Facendas Locais, e polo tanto o goberno debería ter admitido o escrito, aínda que fose como reclamacións.

Con respecto á lexitimación dos concelleiros, e sen ánimo de insistir moito, cita a sentenza do Tribunal Constitucional 163/2004, de 18 de outubro.

O goberno basea a non aceptación do recurso de reposición ó entender que o orzamento é unha disposición de carácter xeral, pero o certo é que tal natureza non se ve clara pola doutrina, que indica que estamos diante dun acto híbrido, que participa por un lado da natureza de disposición de carácter xeral, e por outro da dos actos administrativos. O que si que cabería, ao seu xuízo, é a aceptación do recurso de reposición, ou no momento da aprobación inicial dos orzamentos, ou no da aprobación definitiva dos mesmos. O que lle queda claro ó concelleiro é que a non aceptación formal das reclamacións presentadas deriva do desexo do grupo de goberno de non querer entrar no fondo do asunto.

E con respecto ao fondo do asunto, o concelleiro entende que no documento non se cumpren determinados principios recollidos na lei de facendas locais. Así, con respecto á liquidación do orzamento 2012, o documento di que o saldo líquido de tesourería é de 1.890.000 euros, e no mesmo anexo contéplase que para o concepto de créditos de dubidoso cobro o saldo é de 16.000.000 euros. O certo é que as cifras deste concepto, dos créditos de dubidoso cobro, triplican ás da liquidación do orzamento de 2012. Como lembrarán os concelleiros presentes, cando se debateu a liquidación do orzamento de 2012, esa cifra foi discutida, e o equipo de goberno mantivo todo o tempo, e durante todo o debate, que as cifras que se daban eran correctas, polo tanto, o que non se entende moi ben, é, se as cifras da liquidación de 2011 para créditos de dubidoso cobro eran correctas, como agora para a mesma partida na liquidación do 2012 se triplica a cifra.

Tamén opina o Sr. Reyes que non se cumpre o principio de prudencia na presupostación, porque por exemplo se establece unha cifra que vai achegar a Xunta de Galicia á nosa cidade en base ao estatuto da capitalidade, por unha cuantía de 2.703.000 euros, cando esa mesma partida, nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2013, é de 2.297.550 euros. Polo tanto, hai que explicar como é posible que se no orzamento da Xunta aparece unha cuantía, o goberno municipal presuposte por ese mesmo concepto case medio millón de euros máis.

Por outra banda, o goberno ten que explicar por qué nos acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, na cifra de 1.633.806 euros, se inclúen 83.000 euros, que é o 5,5% do total, de facturas correspondentes a exercicios anteriores ao da liquidación de 2012. Nos correspondentes informes de intervención de xullo de 2011, constaba a retención de crédito para todas esas facturas previas ao exercicio do 2012, polo que a cuestión a dilucidar é porque non se pagaron esas facturas e si outras de datas posteriores, non cumprindo neste caso o principio de prelación de pago.

Tamén hai que dicir que no expediente de liquidación se recolle como pagos pendentes de aprobación definitiva a contía global de 1.740.997 euros, dos que a gran maioría corresponden aos pagos efectuados de débedas da sociedade EMUVISSA, e o certo é que non aparece concretamente unha contía que debería ser de 1.570.000 euros. Engade o concelleiro que tampouco se pode proceder a compensacións de ingresos e gastos que para o Concello teñan carácter orzamentario, polo tanto, non se podería acudir á compensación desa cantidade, e o que habería que facer sería precisamente orzamentala.

Sorprende tamén que se omitan créditos para posibles pagos de intereses de demora, sen explicar as razóns de tal proceder. Así, o problema non é o que pon o goberno local no orzamento, senon que non o xustifica suficientemente.

Engade o concelleiro que se está a incumprir o artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, porque se advirte a existencia de créditos globais indeterminados que supoñen un afastamento na presupostación dos principios de especificación e exactitude. Un dos casos máis significativos e relevantes é o que fai referencia á desaparición da necesaria e obrigatoria desagregación dos gastos de subministro de luz nos diferentes programas e clasificacións funcionais. Tampouco se vai cumprir coa lei xeral de estabilidade orzamentaria, entre outras cousas, porque o límite de gasto non financeiro para o 2013 non podería pasar dos 89.000 euros, pero a verdade é que se se inclúen os pagos de EMUVISSA, xa se está a superar esa cantidade. Por outra banda, entende o Sr. Reyes que precisamente ao incorporar os pagos de EMUVISSA, o superávit orzamentario pasaría dos 3.240.000 euros que están previstos no orzamento, a 637.000 euros, o que suporía o incumprimento do plan de axuste elaborado e aprobado polo goberno municipal.

A seguir indica o concelleiro que de conformidade co que dispón o artigo 120.4 da Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, cando no exercicio da función do control e fiscalización dos órganos de goberno o solicite o Presidente ou a cuarta parte, alomenos, dos concelleiros, pódese pedir informe, neste caso aos funcionarios habilitados nacionais, e deste xeito solicita o concelleiro que o sr. Interventor elabore un informe relativo a todos os puntos ós que o seu grupo fai referencia nas reclamacións que o goberno non aceptou.

O sr. Alcalde di que seguidamente se procede á defensa da emenda formulada polo Bloque Nacionalista Galego, ó que responde o sr. Cela que a retiran.

Dona Cecilia Sierra toma de novo o uso da palabra, e en relación coa intervención do sr. Cela opina que o BNG non é o máis indicado para falar de plantexar alegacións, pois cando o grupo popular estaba na oposición, nunca se lle dou oportunidade de formulalas, alomenos ao longo dos catro anos nos que á concelleira lle tocou estar como portavoz dende a oposición na concellaría de facenda. Tampouco son os concelleiros do

BNG os indicados para falar de inflar os orzamentos, pois nestes momentos o Concello está sufrindo un problema de exceso de financiación afectada, precisamente por ese motivo, que vai en detrimento da estabilidade, e en detrimento do remanente líquido de tesourería, por non executar os proxectos que ano tras ano se van reincorporando como remanentes dentro dos orzamentos. Un exemplo do que afirma é a última reclamación presentada no Concello pola empresa EXTRACO por importe de 1.200.000 euros, pola execución dun parque de bombeiros, parque que esta sen construír e polo que hai que pagar préstamos e intereses.

Intervén o Sr. Alcalde para pedir respecto aos membros da Xunta de Persoal presentes no salón de Plenos, e diante dalgunha interrupción, ordea o seu desaloxo.

Dona Cecilia Sierra continúa coa súa exposición, e afirma que o de EXTRACO é o típico exemplo do que viña pasando no Concello, e da herdanza recibida, pois a empresa reclama máis dun millón de euros por unha obra que non está executada, e pola que hai que pagar o importe do préstamo e máis os intereses de demora, dun 8% cada ano dende 2008. A verdade é que o goberno municipal atopa sorpresas todos os días, e fai milagres cos números tal e como está a situación financeira, pero dende logo, o que non ten é unha vara máxica para facer que un edificio que en teoría tería que estar construído e polo que a empresa reclama nestes momentos 1.200.000 euros, apareza por arte de maxia.

Con respecto á conta 413, sorpréndelle moitísimo que a oposición se refira a ela cando antes nin figuraba nos orzamentos municipais ata que o grupo popular reclamou a raíz dun informe técnico dunha liquidación do ano 2008, que así se fixera, pois daquela se puxo de manifesto que había 3,7 millóns de euros, non só na conta 413, senón literalmente nos caixóns, é dicir, sen presupostar en ningún sitio.

A seguir, a concelleira afirma que o seu goberno non vai eludir a súa responsabilidade de pagar aos provedores, que por certo, últimamente cada vez chaman menos reclamando as súas facturas ao departamento de facenda. Está pendente de que se desenvolva o artigo 32 da nova lei de estabilidade, que diga o que se pode facer co remanente positivo de tesourería, e se é posible, destinalo a ese tipo de gasto.

No que atinxe ó paquete de decisións para a elaboración do orzamento en base 0, pide desculpas a concelleira por non ter facilitado a documentación ao Sr. Reyes, e di que en breve a fará chegar, e con respecto aos saldos de dubidoso cobro, e á aplicación do principio de prudencia, opón que o goberno anterior mantivo saldos como pendentes de cobro dende o ano 94, saldos que se sabía perfectamente que non se ían executar, e que o goberno, a través do plan de axuste, houbo de presupostar como de dubidoso cobro, por importe de máis de sete millóns de euros.

Polo que ten que ver coa capitalidade, explica a concelleira que nestes momentos estase a negociar coa Xunta de Galicia, pero pensa que o orzamento non é máis que un documento aberto, unha previsión que se pode ir modificando. No que atinxe, novamente, á conta 413, di a concelleira que lle corresponde ao goberno decidir e estudar, con criterios de prudencia e responsabilidade, se procede ou non pagar certas facturas da etapa anterior

Para Don Rubén Cela isto é unha mostra máis de como está a funcionar este Concello, pois a señora Sierra, na súa intervención, non negou algo que por outra banda forma parte da acta dunha comisión, e que dou lugar a un acordo unánime nunha dirección que non se cumpriu. A concelleira fai uso da maioría absoluta e permanece impasible ante as propostas que non leven o carimbo do Partido Popular, e dá igual que sexan boas, pois todo o que non veña directamente do PP, bótase abaixo, sexa dos sindicatos, sexa dos partidos da oposición ou sexa de entidades culturais e sociais da cidade, algunha incluso acompañada do respaldo de centos de veciños e de veciñas.

As emendas que o BNG rexistrou, e que o goberno desbota, pretendían mellorar a calidade das contas municipais, por responsabilidade coa cidadanía, e coa dificultísima situación económica, laboral e social que lles está tocando vivir a moitos composteláns. Con este veto, o Partido Popular xa non ten que pronunciarse sobre as medidas que propón o BNG para contribuír a saír da crise tamén dende o ámbito municipal, como é a proposta de reducir en 1,5 millóns de euros o gasto supérfluo e corrixir os recortes de corte partidistas aplicados polo Partido Popular.

Dicía a señora Sierra non fai tanto tempo que non había necesidade de aumentar a carga impositiva cando o que se pode e se debe facer nunha situación de crise é reducir o gasto superfluo, e así o BNG mantén que simplemente reducindo os gastos de protocolo, publicidade e propaganda, diversos órganos de goberno, dietas e combustible, se conseguiría reducir o gasto supérfluo. Precisamente iso é o que propoñía a emenda do Bloque Nacionalista Galego, na cantidade de 1,5 millóns. Con este diñeiro poderíanse levar a cabo unha serie de medidas, como a posta en marcha dun plan de creación de emprego xuvenil, dotado con medio millón de euros, un programa de loita contra a pobreza, dotado con outro medio millón de euros, e un plan integral de restauración de vías e beirarrúas dotado cunha partida de 425.000 euros, ademais de obras de abastecemento e saneamento de augas, e un aumento de 370 mil euros no capítulo de persoal para neutralizar os sistemáticos e inxustos recortes que o Concello ven aplicando aos traballadores e traballadoras dende que o grupo popular goberna. Rexeitando estas alegacións do BNG, o goberno municipal demostra que goberna para unha minoría, e non para as vinte e dúas mil persoas en risco de exclusión social, ou para as catro mil en situación de pobreza severa, ou para as trece mil catrocentas persoas que están en situación de desemprego.

Desbota o PP con este método a posibilidade de restaurar as axudas suprimidas que sufriron determinados colectivos por motivos claramente políticos, e por decisión persoal do señor Alcalde, como as da agrupación cultural SOLFA, con quince anos de traballo na cidade desenvolto por máis de setenta integrantes, e cun gran activismo cultural, ou no caso da asociación de escritores en lingua galega, co agravante de que tiñan o compromiso verbal deste grupo de goberno de manter parte da subvención para as actividades a desenvolver en Santiago.

Tamén desbota o goberno as propostas de incremento nas partidas de relacións veciñais, para evitar que haxa que recortar algunha axuda a ningunha das asociacións de veciños actuantes en Compostela, polo tanto, hoxe o partido popular aprobará coa súa maioría absoluta unhas contas que chegan tarde, coa metade do exercicio xa transcorrido. O ano pasado aprobábanse de xeito definitivo no mes de agosto, este ano a unha semana do san Xoán, ademais vulnerando dereitos básicos dos concelleiros/as desta corporación, ao non deixarse debater as súas alegacións polo grupo de goberno, e o máis importante, aprobando uns orzamentos que non son os que precisa esta cidade. Efectivamente son uns orzamentos baseados no incremento dos ingresos, exclusivamente pola vía de subir a carga impositiva dos veciños e veciñas, e que non actúan sobre os gravísimos problemas que ten hoxe Santiago enriba da mesa, como o paro, as bolsas de pobreza, o peche sistemático dos pequenos comercios, ou a situación de total abandono das nosas rúas e beirarrúas.

Don Francisco Reyes, pola súa banda, lamenta que a concelleira de facenda novamente non respostara a ningunha das preguntas que lle fixo o grupo socialista, e polo tanto, reitera novamente a petición de que a intervención entre no fondo do contido das súas reclamacións, para ter verdadeiramente unha opinión de por qué ao seu ver non se cumpren os principios orzamentarios que o seu grupo entende como importantes, ou por exemplo porque o goberno fai unha previsión do IPC para cálculo de gastos correntes do 2,9%, mentres que os orzamentos xerais do Estado a fan do 1%.

Outro dos motivos para non apoiar os orzamentos ten que ver, por exemplo, cos gastos de persoal, que na memoria se di que diminúen un 0,4%, e que en realidade se incrementan nun 8,04%. O documento de liquidación orzamentaria di que as obrigacións recoñecidas foron de 27.286.000, e ese foi o gasto verdadeiro do capítulo 1, que se incrementa no orzamento ata os 29.482.000 euros. A pregunta é obrigada, e se baixa a acción social, se baixa a produtividade, se hai cinco xubilacións que non van ser cubertas, se se amortizan oito prazas de promoción interna, o único que explica claramente o incremento dun 8% do capítulo I é o incremento do número de persoal de libre designación e directivos, é dicir, a suba do capítulo I non vai dirixida ao conxunto dos empregados públicos que prestan os servizos á nosa cidadanía, senon ao persoal directivo. Así, o grupo popular segue coa súa política de cambiar promoción

profesional, baseada en mérito e capacidade, por promoción baseada en nomeamentos dixitais.

A seguir menciona o concelleiro o caso da integración do persoal de EMUVISSA, e a exclusión da mesma de dona Áurea Soto Vázquez, que o seu grupo entende que claramente está a vulnerar os dereitos da traballadora.

Por outra banda, menciona o Sr. Reyes que na memoria de 2013 dise que os orzamentos baséanse en políticas activas e preventivas de emprego, pero o único que se fai é transferir partidas do capítulo I ao programa de promoción de emprego, e a verdade é que soamente sube un programa, que é o programa europeo, en 22.000 euros, pois baixa o programa de emprego-Santiago cun 91%, baixa o epígrafe de actividades de emprego nun 56%, e o conxunto de actividades de promoción de emprego baixan un 20%, polo tanto non medra o 112% que di o goberno municipal.

Tamén se di que é un orzamento de carácter inversor, pero o 66,6% dese programa inversor é froito da herdanza recibida.

No que atinxe ó gasto social, que o goberno di que queda blindado, o que se fai é manter a política de mudar prestacións e dereitos sociais por caridade, porque con respecto ao ano pasado baixan as subvencións nun 5,43%, os servizos sociais tamén baixan, e non digamos con respecto ao orzamento progresista do 2011, que baixa un 37%. O que non entende o concelleiro é como o goberno votou en contra da proposta socialista de que o remanente de tesourería deste ano non se aplique no seu 100% á rebaixa da débeda pública, senón que se aplique nunha contía aproximada ó 50% do mesmo a inversións, particularmente programas de emprego e programas de promoción económica.

A verdade é que estes orzamentos non son orzamentos sociais, non son os orzamentos que necesita a nosa cidade, non son orzamentos para a xeración de emprego, nin para a promoción económica, e iso obviamente unido as dúbidas do grupo socialista sobre o cumprimento dos principios presupostarios á hora de elaboración dos mesmos, lévaos a votar en contra da súa aprobación definitiva.

Intervén finalmente o sr. Alcalde, que di con respecto á intervención do Sr. Cela que é un exemplo máis de exercicio de demagogia barata, de descoñecemento e de falta de información e de traballo. O Sr. Cela quéixase agora de que se rexeiten as alegacións e emendas dos grupos, pero o goberno anterior, en 2007, 2008, 2009 e 2010 fixo exactamente mesmo coas emendas do Partido Popular, aplicando o mesmo criterio. O sr. Cela non debe faltar á verdade, aínda que este goberno xa está afeito a este exercicio de desfachatez por parte do concelleiro.

Con respecto á intervención do Sr. Reyes, di o Sr. Alcalde que o artigo 171 da Lei de Facendas Locais só permite presentar o contencioso administrativo cando se aproban definitivamente os orzamentos, sen posibilidade de plantexar un recurso de reposición.

A seguir, di o Sr. Currás que ten diante del a reclamación de facturas da anterior lexislatura por importe de máis dun millón de euros, e cando se pide informe pola intervención o 23 de abril de 2012 ao departamento de contratación, éste di o seguinte:

“Examinados os conceptos das distintas facturas, non consta neste departamento, nin se ten coñecemento da tramitación de ningún expediente con relación a estes traballos, a ausencia de calquera tipo de trámite, xa sexa a aprobación do gasto, ou a tramitación do expediente ..”

Iso foi o que fixo o goberno anterior, gastando máis dun millón de euros sen ningún tipo de consignación orzamentaria, e actuando con irregularidades permanentes que agora ten que asumir o goberno popular. Pide o sr. Alcalde que esta reclamación de máis dun millón de euros, e algunha máis que vai chegar, se analicen polo departamento xurídico correspondente.

A seguir, tamén pide o Sr. Alcalde que o Sr. Reyes non utilice a demagogia, porque na anterior lexislatura había seis directores de área na plantilla sen orzamentar, o que supoñía unha irregularidade administrativa.

Rematado o debate, e de conformidade cos informes emitidos, relacionados con anterioridade, e co ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa sesión de 17 de xuño de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 11 en contra, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, aprobar a proposta da concelleira-delegada de Facenda, de data 10 de xuño de 2013, transcrita con anterioridade, sobre resolución de reclamacións ao proxecto de presuposto xeral do Concello para o exercicio económico de 2013, e aprobación definitiva do mesmo.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 10 horas e 20 minutos. Dou fe